O Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión celebrada o día 25 de setembro de 2019 aprobou no debate anual sobre política xeral 57 Resolucións, entre as que figuraba como Resolución nº 46 a seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a declarar o estado de emerxencia climática en Galicia, co obxectivo primordial de comprometer as políticas do Goberno galego en facer fronte á emerxencia e conseguir a neutralidade climática antes do ano 2050, para o que fai falta activar coa máxima urxencia as medidas da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía e fomentar a adhesión de todos os concellos de Galicia ao Pacto dos alcaldes para o Clima e a Enerxía ofrecéndolles asesoramento personalizado para mellorar a súa eficiencia enerxética e a súa resiliencia fronte ao cambio climático. Ao tempo, o Parlamento insta a Xunta de Galicia a que a atención a esta emerxencia climática se compase coas necesidades do emprego e a industria en Galicia, solicitando do Goberno de España un proceso de transición enerxética máis ordenado e xusto, con investimento innovador en tecnoloxías de redución de emisións e con accións compensatorias para as comarcas nas que os obxectivos climáticos para 2050 supoñan impactos significativos para a súa economía e emprego.”

Cómpre aclarar que a dita resolución deriva dunha proposta formulada polo Grupo Parlamentario Popular.

Asinado o día 19/08/2025 ás 13:01  
Por Carlos López Font

Asinado o día 19/08/2025 ás 13:01  
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

105993

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-yQ9lpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/08/2025 13:04:26  
**Nº Rexistro: 31525**  
Data envío: 19/08/2025 13:04:26.334

A pesares disto o Goberno da Xunta transcorridos 6 anos non foi quen de aprobar esta declaración.

Dende o Grupo Socialista defendemos que coñecendo a gravidade da crise climática global e os seus efectos cada vez máis visibles no noso territorio — ondas de calor, incendios forestais, perda de biodiversidade, escaseza hídrica ou eventos meteorolóxicos extremos—, cómpre de maneira urxente a aprobación formal da Declaración de Emerxencia Climática en Galicia.

Unha declaración que non é un mero xesto simbólico, senón que debe ser o punto de partida para adoptar medidas ambiciosas, urxentes e xustas que garantan a vida, o benestar e a prosperidade das xeracións presentes e futuras.

Que supoña o recoñecemento oficial, por parte das institucións galegas, da crise climática como unha emerxencia real e urxente. Aprobala supón asumir que estamos fronte a unha situación extraordinaria que require acción inmediata, decidida e baseada en evidencias científicas. Trátase de dar un paso claro no compromiso político coa defensa do noso territorio, da saúde pública e da biodiversidade.

En segundo lugar, que sitúe a loita contra o cambio climático como unha prioridade institucional transversal. Isto implica integrar a perspectiva ambiental e climática en todas as áreas de goberno: dende a planificación urbanística ata a política económica, pasando polo transporte público, a educación, o consumo enerxético, a xestión forestal ou o medio rural. Sen unha visión integrada e coordinada, a resposta á emerxencia climática será insuficiente.

Que facilite a mobilización de recursos económicos e técnicos, tanto públicos como privados, para impulsar a transición ecolóxica. A declaración reforzaría a capacidade da administración galega para acceder a fondos europeos, estatais

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

105994

28071 Madrid







**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/08/2025 13:04:26  
**Nº Rexistro: 31525**  
Data envío: 19/08/2025 13:04:26.334

e internacionais destinados á mitigación e adaptación ao cambio climático. Estes recursos deben canalizarse cara a proxectos que fomenten as enerxías renovables, a eficiencia enerxética, a mobilidade sostible e a protección dos ecosistemas.

Así mesmo, esta iniciativa busca garantir unha transición xusta, que non deixe ninguén atrás. A emerxencia climática afecta con máis forza ás persoas e comunidades máis vulnerables, polo que é imprescindible que as políticas climáticas estean deseñadas con criterios de equidade, solidariedade e inclusión. Debemos aproveitar esta oportunidade para crear emprego verde, fortalecer o tecido produtivo local e promover modelos de vida máis saudables e sostibles.

Por último, a declaración debe servir como marco para fomentar a participación cidadá activa fronte á crise climática, para construír de maneira colectiva un futuro máis xusto e resiliente.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Aprobar a declaración do estado de emerxencia climática en Galicia, co obxectivo primordial de comprometer todas as futuras políticas do Goberno de Galicia, sexa cal sexa a súa cor política, para facer fronte a esta emerxencia que ameaza o noso futuro individual e colectivo.

2º) Comprometerse a activar, coa máxima urxencia, políticas transversais en todas as áreas e accións de goberno, para acadar a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, así como a neutralidade climática non máis tarde de 2050, de non ser posible facelo antes dende o punto de vista técnico e económico.

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

105995

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/08/2025 13:04:26  
**Nº Rexistro: 31525**  
Data envío: 19/08/2025 13:04:26.334

3º) Promover o investimento en I+D+i en novas tecnoloxías que impulsen a descarbonización de todos os sectores da economía galega susceptibles de emitir gases de efecto invernadoiro.

4º) Incluír nas accións de goberno, con carácter transversal, a dimensión de adaptación ao cambio climático, con medidas específicas na materia para limitar os danos causados por ese fenómeno.

5º) Implicarse activamente no Pacto Verde europeo, para promover decididamente a transición ecolóxica xusta e a integración de Galicia na nova economía verde.

Parlamento de Galicia, 19 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

28071 Madrid

105996

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/08/2025 13:01:33

Carlos López Font na data 19/08/2025 13:01:54

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/08/2025 13:02:03





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 13:04:26

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila**, e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de que a Consellería de Educación tome medidas reais e efectivas para simplificar a burocracia nos centros educativos galegos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais de 2023 o presidente da Xunta de Galiza anunciou unha batería de medidas para a mellora educativa. O pasado 21 de xullo, volta publicitar un Plan de simplificación de tarefas burocráticas a dous cursos vista que, como moi cedo, comezará a implementarse cando se cumpran dous anos da sinatura do acordo, en outubro de 2023.

Segundo o presidente da Xunta, este Plan de simplificación de tarefas burocráticas, incorpora accións de simplificación de procedementos, dixitalización e no marco normativo, actuando en máis de 50 procedementos e 22 aplicacións manexadas nos centros, reducindo así a carga de traballo administrativo docente, calculando o aforro de 120.000 horas para o persoal docente en cada curso escolar.

Na realidade as medidas que din incorporar repercutirán na carga burocrática da propia administración e non no traballo burocrático que desenvolven as e os docentes na actualidade, que apenas incide en 4 horas por docente e curso, algo verdadeiramente insignificante.



En canto a impulsar a dixitalización dos procedementos, non produce unha mingua burocrática en moitos casos, pero si pode significar unha maior rixidez, como xa teñen acreditado as docentes con diversas aplicacións impulsadas pola Consellería de Educación. Neste caso chegando ao absurdo de canalizar informaticamente comunicacións que deberían ser directas e persoais, sobre todo se falamos de Inspección Educativa ou de mellorar as canles coas familias, onde o que se precisa é que os titores/as teñan máis horas para poder atendela.

Con respecto á posta en funcionamento dunha aplicación informática para o chamamento de profesorado substituto como novidade para acadar esa simplificación burocrática, xa recibiron críticas inmediatas do sindicato maioritario de traballadoras do ensino. Lonxe de ser unha iniciativa vangardista e novidosa como ten anunciado a Consellería, non aporta ningunha mellora burocrática, xa que as persoas docentes continuarán pendentes do seu dispositivo móbil, tendo en conta ademais as dificultades de cobertura que existen en distintos puntos do País. O que reclaman dende os centros educativos e as propias docentes é que as substitucións se fagan coa maior inmediatez posible para atender ao alumnado debidamente e que non se suspendan os chamamentos nas semanas previas aos períodos vacacionais.

O persoal dos departamentos de Orientación é dos máis afectados polo inxente número de informes que deben realizar. A solución non pasa pola creación dunha contorna de IA senón que o que se precisa son especialistas suficientes para atender á diversidade nas aulas e respectar a recomendación da UNESCO dun Orientador/a por cada 250 alumnos/as, cuestións que non se están a aplicar.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Convocar a Mesa Sectorial para negociar coas representantes das e dos docentes un Plan efectivo que conteña as medidas que se precisan nos centros educativos para simplificar a burocracia e empregar ese tempo en tarefas educativas e pedagóxicas.

2.- Reforzar o persoal administrativo en todos os centros educativos galegos.

3.- Reforzar os cadros de persoal docentes en todos os centros educativos para que o profesorado dispoña das horas necesarias para manter reunións coas familias, realizar informes e outras tarefas burocráticas que non podan ser delegadas ao persoal administrativo”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

**Cristina Fernández Davila na data 19/08/2025 13:27:02**

**Ariadna Fernández González na data 19/08/2025 13:27:12**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/08/2025 13:27:21**





Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 13:28:49



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/08/2025 13:28:49  
**Nº Rexistro: 31530**  
Data envío: 19/08/2025 13:28:49.136

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31738  
Data envío: 19/08/2025 20:09:59.755

Asinado o día 19/08/2025 ás 20:07  
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O verán de 2025 volveu poñer en evidencia a gravidade do problema dos incendios forestais en Galicia, converténdose nunha auténtica catástrofe ambiental, económica e social que devastou miles de hectáreas e puxo en risco a vida das persoas e a seguridade de aldeas enteiras.

Unha das causas estruturais desta situación é a falla de planificación e execución real das políticas de prevención por parte da Xunta de Galicia.

A prevención é recoñecida por todos os expertos como a chave para evitar os grandes incendios de quinta e sexta xeración, mais o Goberno galego continúa a chegar tarde, mal e arrastro.

No exercicio 2025, a Consellería do Medio Rural anunciara dúas liñas principais de investimento en materia de prevención:

1. A licitación de obras de infraestruturas (capítulo VI), cun importe de 2.990.863 €.
2. As subvencións para actuacións preventivas (capítulo VII), cun orzamento total de 5.400.000 €.

A realidade, con todo, é demoledora: a día 6 de agosto de 2025 ningunha das dúas liñas foi adxudicada nin resolta, permanecendo bloqueados 8.390.863 € de orzamento público destinado a prevención.

Asinado o día 19/08/2025 ás 20:07  
Por Lara Méndez López

Asinado o día 19/08/2025 ás 20:07  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106004

28071 Madrid





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31738**  
Data envío: 19/08/2025 20:09:59.755

Esta parálise administrativa tradúcese nun impacto directo sobre o territorio: aproximadamente o 50 % das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) non contaron cos traballos solicitados para esta campaña, quedando sen executar rozas preventivas, repaso de cortalumes, mantemento de pistas forestais ou intervencións en zonas de repoboación.

A demora é especialmente grave porque:

- Deixou sen operatividade centos de quilómetros de cortalumes.
- Aumentou a carga de combustible en zonas críticas de monte.
- Impediu melloras básicas de accesibilidade ás zonas forestais, dificultando a actuación dos medios de extinción.
- Frustrou o esforzo organizativo e económico de máis de 1.400 montes veciñais que presentaran proxectos preventivos.


A Xunta de Galicia, en lugar de priorizar a prevención e garantir a execución en prazo destes fondos, amosou unha vez máis a súa incapacidade de planificación e de xestión, con consecuencias desastrosas para o conxunto do país.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Proceder, de maneira inmediata, á adxudicación dos lotes de infraestruturas de prevención e á resolución da orde de subvencións do 30 de decembro de 2024, garantindo a execución total dos 8.390.863 € bloqueados.

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106005

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31738**  
Data envío: 19/08/2025 20:09:59.755

2. Establecer un calendario de execución anticipada e obrigatoria, de xeito que as obras e subvencións de prevención se atopen resoltas e iniciadas antes do 31 de marzo de cada exercicio orzamentario.
3. Crear un plan extraordinario de apoio ás Comunidades de Montes Veciñais en Man Común e concellos que resultaron prexudicados pola demora de 2025, compensando o déficit de actuacións preventivas e reducindo os riscos acumulados.
4. Presentar no Parlamento, antes de finais de 2025, un informe detallado sobre a execución real dos orzamentos de prevención dos últimos cinco anos, con especial referencia ás causas das demoras e ás medidas de mellora da planificación administrativa.

Parlamento de Galicia, 19 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106006

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/08/2025 20:07:27

Lara Méndez López na data 19/08/2025 20:07:38

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/08/2025 20:07:47





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 20:10:00



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a subrogación de Galivivienda.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo de 2024 a entón Conselleira, Ángeles Vázquez, asistiu e avalou a presentación no Palexco da promoción Alquiler50, de Galivivienda baixo a etiqueta de “alugueres sociais”. Na propia nota de prensa da Xunta, enviada naquela altura, incluso se especifica que o prezo das rendas non superaría os prezos máximos dun aluguer de vivenda protexida, obviando que en realidade cada cooperativista debería facer fronte a máis de 50.000€ en concepto de aportación social, a maiores desa renda.

O obxectivo da Xunta era claro, transmitir á opinión pública a idea de que a Xunta está promovendo vivenda accesible para rendas baixas, aínda que iso supoña xerar confusión e frustración nas persoas que precisan dunha vivenda a prezos accesibles. A constatación disto é que logo da nota de prensa da Xunta houbo máis de 6.000 solicitudes de persoas interesadas no proxecto que, no momento en que se presentaron as contas detalladas, quedaron en apenas 120 solicitantes.

Houbo, por tanto, unha espantada masiva cando se comezou a ver a realidade do que a Xunta trataba de vender como alugueres sociais para rendas baixas, cando esta se trata dunha modalidade que vai dirixida a persoas cunha capacidade de aforro e endebedamento superiores.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Pero é que nin tan sequera esas contas, as que se lles trasladaron por parte da xestora aos cooperativistas nas reunións iniciais eran certas. Ao engano por parte da Xunta súmase unha xestión negligente por parte da xestora da cooperativa, onde a empresa Galivivienda modifica de forma escurantista as condicións económicas dun día para outro, chegando a solicitar rendas de 1.000€ mensuais.

A Xunta de Galiza ten unha responsabilidade total porque é propietaria do solo sobre o que se pretende construír estas vivendas e responsable da súa concesión, por tanto, é tamén responsable de garantir a finalidade dese solo.

Ademais, a Xunta é coñecedora das malas prácticas por parte da xestora que durante os últimos meses vén actuando de forma sistemática con escurantismo e enganar aos cooperativistas: producíronse asembleas irregulares onde non se controla quen exerce o voto ou falta o notario; trasládanse propostas económicas que varían dun día para outro; incumpren os prazos pondo en risco as axudas e a viabilidade do proxecto e hai unha evidente falla de transparencia sobre as negociacións co ICO, entre outros.

Pero é que ademais a xestora propuxo como única vía para salvar o proxecto a creación dunha cooperativa paralela e a subrogación na mesma aos cooperativistas para evitar que o negro historial que arrastra esta xestora penalice a financiación da cooperativa. Así, en marzo víronse obrigados a pasar de Galivivienda Global S. Coop a Galivivienda Alquiler50 S. Coop, unha nova cooperativa que non tiña o dereito sobre o solo. Unha decisión que foi acompañada pola propia Xunta de Galiza a través do IGVS.

Nese momento trasladóuselle aos cooperativistas que ese cambio non suporía ningunha alteración nos seus dereitos e deberes. Mais agora atópanse cunha nova chantaxe por parte da xestora, xa que pretende reverter a subrogación da nova cooperativa sobre a anterior, novamente coa complicidade do IGVS, ao tempo que lles esixe aos cooperativistas que iso lles suporá a aceptación de novas condicións que foron impostas sen a súa consulta previa. É dicir, que se queren seguir participando do proxecto ao que se







GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

adheriron deben obrigatoriamente aceptar as condicións impostas pola xestora que afecta ao plan de viabilidade e ao capital social obrigatorio por parte dos socios.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a protexer os dereitos dos cooperativistas de Galivivienda Alquiler50 S. Coop ante os abusos por parte da xestora, garantindo que a reversión da subrogación non alterará as condicións ás que se adheriron os cooperativistas. Así mesmo a Xunta de Galiza actuará como mediadora e tomará todas as medidas que sexan necesarias para garantir o fin social das vivendas proxectadas sobre ese solo. Ademais reforzará os mecanismos de control e garantía na concesión de solo público para evitar que se repitan situacións coma esta”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 20/08/2025 12:53:22

Mercedes Queixas Zas na data 20/08/2025 12:53:32

Ana Pontón Mondelo na data 20/08/2025 12:53:39



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/08/2025 12:55:16  
**Nº Rexistro: 31802**  
Data envío: 20/08/2025 12:55:16.427

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:55:17

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31817  
Data envío: 20/08/2025 16:52:41.214

Asinado o día 20/08/25  
16:48  
Por Julio Abalde Alon

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Se abrimos unha das páxinas de información do Conservatorio de Música de Tui, podemos ler: "Plan educativo deseñado para que os nenos e as nenas aprendan a tocar instrumentos de forma cooperativa, creativa e divertida". Lema que seguramente moitos compartimos.

E isto débese a que o concello de Tui, conta cun conservatorio profesional de música que depende do propio Concello.

E unha vez máis atopámonos cun Concello de Galicia, que está a asumir competencias impropias, dado que as ensinanzas artísticas, e como non, as musicais, son unha competencia da Xunta de Galicia.

Pero o que é máis, as ensinanzas que se imparten no Conservatorio de Música de Tui, están suxeitas ás mesmas obrigacións que as que se imparten nos conservatorios que dependen directamente da Xunta de Galicia, en concreto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Pero esta anomalía de dependencia impropia do conservatorio de Tui, por depender do Concello e non da Xunta de Galicia, supón un grave problema para o Concello de Tui.

Asinado o día 20/08/2025 ás  
16:47  
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 20/08/2025 ás  
16:47  
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106014

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-yQ8lpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31817**  
Data envío: 20/08/2025 16:52:41.214

O Concello ten que soportar un elevado custo para o seu mantemento e funcionamento, ademais presta un servizo educativo que vai máis aló do seu ámbito territorial, dado que a el acoden nenos e nenas de concellos limítrofes. E a todo iso hai que sumar as dificultades de xestión no día a día e moitas veces as dificultades de contratación de persoal.

Somos conscientes de que o conservatorio cumpre non só un labor educativo, senón que vai máis alá, e sen citar todas, sinalar a promoción artística coa organización de concertos e/o recitais que enriquecen a vida cultural. Pero un conservatorio tamén contribúe ao desenvolvemento, dinamización e cohesión social, así como ao fomento do talento local e da comarca.

Por todo iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Asumir a xestión directa do Conservatorio de Música de Tui e para iso establecer a dotación económica suficiente nos orzamentos para o ano 2026.
2. Que en tanto non se produza a asunción da xestión directa do Conservatorio cubra a totalidade dos gastos orixinados por este.

Parlamento de Galicia, 20 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106015

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 20/08/2025 16:47:42

Silvia Longueira Castro na data 20/08/2025 16:47:54

Julio Abalde Alonso na data 20/08/2025 16:48:01

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/08/2025 16:48:10





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 16:52:41

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31825**  
Data envío: 20/08/2025 18:11:41.540

Asinado o día 20/08/25  
18:07  
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Os incendios forestais son un dos principais problemas estruturais que sofre Galicia, cun impacto devastador sobre a seguridade das persoas, o territorio, a biodiversidade, a economía rural.

Como levamos anos advertindo asistimos a unha evolución preocupante: xa non falamos só de incendios de cuarta xeración, senón tamén de lumes de quinta e sexta xeración, caracterizados pola súa extrema intensidade, a capacidade de xerar fenómenos convectivos propios de tormentas de lume e pola dificultade para ser controlados cos medios de extinción tradicionais.

Ante este novo escenario, a prevención convértese na única ferramenta eficaz para minimizar os riscos e danos, reducindo a carga de combustible acumulado no monte, mellorando a accesibilidade para os equipos de extinción e creando infraestruturas estratéxicas que permitan frear a propagación do lume.

Non obstante, os feitos amosan unha realidade preocupante: a Xunta de Galicia non está a executar en prazo nin de maneira eficiente os orzamentos destinados á prevención. As convocatorias publícanse tarde, as resolucións acumulan meses de demora, e boa parte dos fondos consignados permanecen bloqueados, sen chegar a se materializaren en traballos efectivos sobre o territorio no tempo útil para reducir o risco de grandes incendios.

Asinado o día 20/08/2025 ás  
18:07  
Por Lara Méndez López

Asinado o día 20/08/2025 ás  
18:06  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106018

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-yQ8lpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31825**  
Data envío: 20/08/2025 18:11:41.540

No exercicio 2025, existen millóns de euros comprometidos en orzamento que seguen pendentes de execución.

Esta situación non só constitúe unha grave irresponsabilidade política, senón que incrementa de maneira directa a vulnerabilidade do territorio fronte á vaga de incendios que cada verán arrasa Galicia.

Por todo isto, resulta imprescindible que se coñeza polo miúdo: que orzamento se destinou realmente á prevención de incendios forestais dende o ano 2009 ata a actualidade e 2025, canto se executou efectivamente, en que concellos e parroquias, e que actuacións concretas se realizaron. Só con transparencia e planificación se poderá avaliar a eficacia das políticas públicas nesta materia.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar, no prazo máximo de dous meses, un informe detallado e desagregado por concellos e parroquias no que se especifique:

- O orzamento inicial consignado dende o ano 2010 a actualidade en materia de prevención de incendios forestais.
- O grao de execución real deses fondos.
- As actuacións concretas realizadas en cada territorio.
- O número de comunidades de montes e concellos beneficiarios.
- Establecer un calendario obrigatorio de planificación anticipada, garantindo que todas as actuacións de prevención financiadas con fondos públicos estean aprobadas e iniciadas antes do 31 de marzo de cada exercicio orzamentario.

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106019

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31825**  
Data envío: 20/08/2025 18:11:41.540

2. Remitir anualmente ao Parlamento un **balance de execución orzamentaria en materia de prevención de incendios**, con datos desagregados por concellos e parroquias, e unha avaliación sobre o impacto efectivo das actuacións na redución do risco de incendios.

3. Crear un **plan extraordinario de apoio a concellos e comunidades de montes** que sufriron a non execución das actuacións preventivas desde o ano 2010 a actualidade, co obxectivo de compensar o déficit acumulado e reducir o risco de cara ás próximas campañas.

Parlamento de Galicia, 20 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106020

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/08/2025 18:06:47

Lara Méndez López na data 20/08/2025 18:07:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/08/2025 18:07:14





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 18:11:42

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asinado o día 21/08/2025 ás 11:13  
Por Ana Pontón Mont

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a mellora das condicións do servizo de xustiza gratuíta.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o mes de novembro de 2023, hai xa máis de 20 meses, as profesionais da avogacía e procuradoría que atenden o servizo de xustiza gratuíta en Galiza están en folga en reclamación da dignificación e mellora deste servizo público e das condicións nas que se presta. A medida implicou a suspensión de milleiros de vistas, xuízos e diferentes dilixencias xudiciais, malia o que a Xunta de Galiza, administración responsable da prestación do servizo e titular do mesmo, se segue sen recoñecer a folga, nin fixar os servizos esenciais, nin a pesares do tempo transcorrido o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes reuniuse coa representación da traballadoras mobilizadas.

O XIX Informe do Observatorio da Xustiza Gratuíta impulsado polo Consello Xeral da Avogacía Española e a Fundación Aranzadi-La Ley evidencia que Galiza, máis unha vez, é das Comunidades Autónomas con competencias transferidas en materia de administración de xustiza que menos invisten por habitante no servizo de xustiza gratuíta. Segundo o referido informe, a media do investimento en Xustiza Gratuíta por habitante de todas as CCAA do Estado é case un 40% o que se realiza en Galiza. A media de todas as Comunidades Autónomas é de 7,07 €/habitante fronte aos 5,20€ que inviste a Xunta de Galiza.

Asinado o día 21/08/2025 ás 11:13  
Por Oscar Insua Lema

Asinado o día 21/08/2025 ás 11:13  
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A escaseza do investimento realizado pola Xunta de Galiza en materia de XG atinxe non só ás compensacións que reciben as profesionais da avogacía e da procura que prestan o servizo, senón tamén aos custes da infraestrutura necesaria para o funcionamento operativo do servizo público, que están a cargo dos Colexios Profesionais da Avogacía e da Procuradoría sendo ás achegas que estas Corporacións Públicas reciben da Xunta de Galiza notablemente inferiores ás necesarias para cubrir os custes necesarios para a atención deste servizo público de prestación obrigatoria por parte da Xunta de Galiza.

O vindeiro 30 de setembro de 2025 finaliza a vixencia do denominado Acordo sobre a Compensación Económica pola Asistencia Letrada Gratuíta suscrito no 2021 pola Xunta de Galiza e o Consello da Avogacía Galega polo que é precisa e urxente a renovación do mesmo, debendo ampliarse tanto os conceptos contidos no Baremo, como as percepcións contidas no mesmo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) Recoñecer o dereito de folga das traballadoras adscritas á quenda de oficio e ao servizo público de xustiza gratuíta, interesando que o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes se reúna coa representación das traballadoras en conflito a fin de analizar as medidas necesarias para a mellora do servizo e das condicións das condicións das profesionais que o prestan





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

b) Acordar cos Consellos da Avogacía e Procuradoría de Galiza un novo baremo que amplíe as actuacións contidas no mesmo e incremente as percepcións destinadas ás profesionais que atenden o servizo.

c) Establecer o sistema de módulos por expediente tramitado para a determinación da compensación a percibir polos colexios da avogacía e da procura polos custes necesarios para a infraestrutura e o funcionamento operativo da quenda de oficio, do servizo de asistencia xurídica gratuíta e do asesoramento e orientación previos ao proceso.

d) Solicitar ao Goberno do Estado a regulación do Estatuto da profesional da avogacía e procuradoría que prestan o servizo público de asistencia xurídica gratuíta e a quenda de oficio”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/08/2025 11:13:24

Óscar Insua Lema na data 21/08/2025 11:13:39

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2025 11:13:48





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/08/2025 11:15:12  
**Nº Rexistro: 31841**  
Data envío: 21/08/2025 11:15:12.465

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 11:15:12

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Katherinie Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e con concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

### Exposición de Motivos

O tren Celta, que conecta Vigo con Porto, constitúe unha infraestrutura ferroviaria estratéxica tanto para Galicia como para o norte de Portugal.

A súa relevancia é múltiple porque, entre outras cousas: favorece a mobilidade cotiá de traballadores e traballadoras transfronteirizos, reforza os lazos culturais e económicos entre dúas áreas metropolitanas veciñas.

Ademáis, representa unha alternativa sostible ao transporte por estrada, en liña cos obxectivos europeos de redución de emisións e por último, constitúe un eixo clave para o turismo, especialmente en épocas de alta demanda como o Camiño de Santiago.

A recente decisión de suprimir a viaxe directa Vigo–Porto, impondo un transbordo en Viana do Castelo debido á antigüidade do material rodante, está xerando graves prexuízos aos máis de 300 pasaxeiros e pasaxeiras que utilizan este servizo a diario. As consecuencias desta medida son evidentes: perda de competitividade, atrasos engadidos, complicacións para persoas maiores ou con mobilidade reducida, e un deterioro notable da imaxe internacional de Galicia como destino accesible e ben conectado.

Mentres tanto, a chegada dos novos trens, que permitirían recuperar a conexión directa e modernizar a liña, non está prevista até 2026, o que supón un agravio difícil de xustificar para a cidadanía galega e lusa.

Ante esta situación, o Parlamento de Galicia, como cámara de representación popular, considera prioritario instar ao Goberno central a que adopte as medidas necesarias para garantir un servizo ferroviario digno, directo e competitivo no tramo Vigo–Porto.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible:

1.Repoña de maneira inmediata o servizo ferroviario directo entre Vigo e Porto, evitando o transbordo en Viana do Castelo.

2.Dote de material rodante moderno e suficiente a esta liña, garantindo estándares axeitados de calidade, puntualidade e confort.

3.Acelere a chegada dos novos trens previstos, reducindo significativamente o horizonte temporal anunciado de 2026.

4.Impulse, en coordinación co Goberno de Portugal, a modernización integral da liña, enmarcada no Corredor Ferroviario Atlántico, co fin de favorecer a cohesión territorial, social e económica entre ambos países”.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2025.





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 21/08/2025 12:34:21

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/08/2025 12:36:18  
**Nº Rexistro: 31880**  
Data envío: 21/08/2025 12:36:18.406

**REGISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 12:36:18**

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a incidencia da vaga de lumes nos espazos naturais e na biodiversidade.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vaga de lumes de dimensións xigantescas que leva semanas arrasando a maior parte das comarcas de Ourense e outras zonas do país constitúe sen lugar a dúbidas unha das maiores crises sociais, ambientais, económicas e humanas da historia recente do noso país.

Unha crise desta natureza require, unha vez que se establezca a situación, unha análise das súas causas estruturais e conxunturais e unha avaliación en profundidade dos erros, das eivas e das carencias do sistemas de prevención e do sistema de resposta diante deste tipo de emerxencias.

É notoria a afección dos lumes a vidas, núcleos habitados, vivendas, instalacións, infraestruturas e servizos, así como o seu impacto nas actividades económicas, sobre todo do sector primario.

Tamén hai que valorar o impacto destes lumes devastadores en espazos naturais protexidos e en hábitats de extraordinario valor como é o caso da serra do Invernadoiro, Enciña da Lastra, Pena Trevinca, Teixedal de Casaio ou o Caurel, por citar os espazos afectados polos lumes de maior entidade. Mención específica merece tamén o efecto devastador do lume nun bosque de especial interese como o de Ridimoas, bosque autóctono de 400 hectáreas situado nos concellos de Beade, Leiro e Carballeda de Avia,

Asinado o día 21/08/2025 ás  
13:25  
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 21/08/2025 ás  
13:25  
Por Luis Bará Torres





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

proxecto exemplar polo que supón de implicación da sociedade na conservación da biodiversidade e na custodia do territorio.

Malia á gravidade desta afección, ao longo desta crise botouse en falta a intervención da Consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático, que non alertou nin informou da afección dos lumes en áreas de especial interese natural. A única actuación pública coñecida desta consellaría foi a prohibición da caza na provincia de Ourense a partir do luns 18 de agosto, 6 días despois de que fose declarado o nivel 6 pola gravidade dos incendios.

Resulta pois de interese coñecer cales foron as actuacións preventivas desenvolvidas pola Consellaría de Medio Ambiente ao longo dos últimos anos, cal foi a resposta inmediata diante desta grave crise ambiental, e cales son as previsións de actuación da consellaría no inmediato e no medio prazo. Dentro das actuacións inmediatas cómpre ter en conta entre outras as seguintes: avaliación dos danos no patrimonio natural e na biodiversidade, avaliación dos danos das infraestruturas e servizos públicos, avaliación nos danos en bens e actividades privadas, medidas urxentes de carácter preventivo para a restauración das zonas queimadas e evitar riscos de erosión e arrastre de materiais a cursos de auga, etc. Nas actuacións a medio prazo, cómpre desenvolver plans de prevención, dinamización e desenvolvemento das zonas afectadas polos lumes, en coordinación con outros departamentos da Xunta, coas entidades locais, co goberno central e co tecido asociativo local e de conservación da natureza.

Tamén resulta imprescindible que se desenvolvan medidas legislativas e normativas que contribúan a facer o territorio máis resiliente fronte ao cambio climático e os eventos extremos, cuestións que se deben artellar a través dunha lei galega de acción fronte ao cambio climático, mediante o desenvolvemento de instrumentos de





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ordenación do territorio previstos na lei e mediante a revisión da planificación estratéxica e operativa relacionada co clima e a enerxía.

E cómpre tamén desterrar os discursos populistas e demagóxicos por parte de dirixentes políticos que establecen unha relación de causalidade entre a protección ambiental e a proliferación de incendios nas zonas protexidas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a facer unha avaliación exhaustiva das consecuencias dos grandes lumes de agosto de 2025 nos espazos naturais protexidos e outros espazos de interese para a conservación da biodiversidade, e a desenvolver un plan de actuación a curto, medio e longo prazo que teña en conta a especial sensibilidade destes hábitats e que inclúa:

-A máxima transparencia sobre a incidencia dos lumes nos espazos naturais protexidos

-A protección dos solos, a prevención de escorrentías e a restauración dos terreos queimados, priorizando as zonas de maior risco.

-A avaliación e reparación dos danos causados, no marco das actuacións de carácter xeral neste ámbito.

-A avaliación da incidencia dos lumes na liberación de carbono e outros elementos á atmosfera, no deterioro da calidade do ar e nos riscos para a poboación.

-A avaliación e revisión -incluíndo a análise das eivas e dos erros- das políticas de prevención e protección nos espazos naturais protexidos.







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-A análise dos riscos derivados da crise ambiental e co cambio climático, e a planificación das actuacións necesarias de mitigación e adaptación nos espazos naturais protexidos.

-O desenvolvemento lexislativo e normativo en materia de acción fronte ao cambio climático, tendo en conta a súa incidencia territorial, nas actividades económicas, nos recursos hidrolóxicos, no patrimonio natural e na biodiversidade.

-A presentación no prazo de seis meses dunha proposta de ampliación da Rede Natura 2000, así como dos Plans específicos de xestión para cada un dos espazos incluídos nesta rede.

-O aprobación no presente período de sesións do Plan de implementación da Infraestrutura Verde e da Conectividade e a Restauración Ecolóxica, coa conseguinte dotación orzamentaria e primando as actuacións nos espazos naturais nos corredores ecolóxicos afectados polos lumes.

É obvio que moitas das melloras que propoñían aínda non foron implementadas nin asumidas polo Goberno galego, creouse unha dirección xeral pero no que non se tratou dun reparto axeitado dos medios de loita existentes na comunidade autónoma conforme á situación actual.

No documento xeral elaborado polo grupo de traballo presentáronse varias táboas sobre a distribución ideal das brigadas, tanto en canto ao seu número como ao seu despregue territorial e temporal. Nas táboas presentadas evidénciase claramente unha forte distorsión ou descompensación no reparto actual das brigadas respecto do modelo proposto, uns desaxustes que debería ter en conta a Consellería do Medio Rural á hora de definir e distribuír o operativo.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Por que a Consellería do Medio Rural non procedeu ao reparto de medios de loita existentes na comunidade autónoma, os reforzos necesarios e a súa distribución territorial, axustándose verdadeiramente á incidencia dos lumes por comarcas e distritos, tal como indicaba o comité de expertos?

Parlamento de Galicia, 14 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) **981.55.15.30**

106350

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/08/2025 13:02:53

Lara Méndez López na data 14/08/2025 13:03:02



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31201**  
Data envío: 14/08/2025 14:28:15.669

**REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:28:16**

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31203  
Data envío: 14/08/2025 14:29:33.351

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Grupo Parlamentario Socialista leva tempo insistindo en que o principal problema para que se produzan os lumes en Galicia é o abandono absoluto no que se atopa o noso rural, que cada día ve como se desmantelan novos servizos públicos e privados.

Como imos loitar contra o lume se cada día temos menos terra produtiva, se a agricultura, a gandería e a xestión forestal sostible teñen cada vez menos peso, que fai que o territorio se estea a transformar de xeito estrutural, nunha bomba de biomasa formada por miles de hectáreas de mato e monte desordenado, en continuidade e sen apenas presenza dos cortalumes naturais.

Outra das cuestións que debe mudar é a xestión forestal da Xunta de Galicia, desenvolvendo unha xestión sostible do monte como unha acción política decidida que poña enriba da mesa un modelo asentado na realidade pero co compromiso de todo o territorio e toda a poboación en dereitos e obrigas, non se pode permitir que nunha zona se concentre toda a produción forestal mentres que a outra ampla zona se lle someta á obriga de aportar valores naturais sen ningún tipo de compensación económica.

Hai que desenvolver sen máis demora os PORF de todos os distritos, que sexan verdadeiros instrumentos nos que se asente o sector forestal.

Asinado o día 14/08/2025 ás  
12:53  
Por Lara Méndez López

Asinado o día 14/08/2025 ás  
12:53  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106353

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-yQ8lpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31203**  
Data envío: 14/08/2025 14:29:33.351

Estanse a producir incendios convectivos que podemos denominar como de sexta xeración, cunhas condicións que fan que a loita contra o lume sexa moi complexa polas condicións atmosféricas que combinan altas temperaturas, baixa humidade e fortes ventos, isto debe de facer que analicemos como actuar ante o cambio climático que estamos a sufrir e o aumento do combustible nos montes derivado do despoboamento do rural galego.

Con este tipo de incendios tan virulentos, o Goberno galego debería desenvolver un estudo profundo coa elaboración, entre outros, dun mapa de combustibles actualizado, no que se cruce a información coa ocorrencia dos lumes e ser precisos nas zonas onde aplicar as medidas preventivas que non só teñen que ser rozas, xa que con este tipo de lumes que xeran unha gran cantidade de focos secundarios é preciso deseñar unha paisaxe en mosaicos onde haxa unha multifuncionalidade de usos de forma que cando eses focos se xeran se poidan illar da maneira máis rápida posible.

Como medida complementaria é fundamental que o Goberno galego teña realizados plans de autoprotección e evacuación para todas as aldeas, coa colaboración dos concellos e dos servizos de emerxencias locais e comarcais.

Os traballos de prevención de lumes (áreas cortalumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, faixas de xestión de biomasa), non se realizan ao seu debido tempo, unha boa parte realízanse fóra da época axeitada non cumprindo co obxectivo que debe ter unha política de prevención de incendios forestais.

Os traballos de prevención de incendios forestais e de xestión de biomasa deben de se realizaren antes do mes de xullo de cada ano.

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106354

28071 Madrid

@PSdeG







**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31203**  
Data envío: 14/08/2025 14:29:33.351

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Entende a Consellería do Medio Rural que hai que modificar os mecanismos de prevención ante a aparición dos lumes de sexta xeración?

Parlamento de Galicia, 14 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106355

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/08/2025 12:53:11

Lara Méndez López na data 14/08/2025 12:53:19



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31203**  
Data envío: 14/08/2025 14:29:33.351

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:29:33

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31205  
Data envío: 14/08/2025 14:30:24.338

Asinado o día 14/08/2025 ás 12:47  
Por Silvia Longueira (

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As conclusións dos investigadores do CSIC (Consello Superior de investigacións Científicas) de Santiago e Granada e da Universidade Complutense, sobre o encoro das Conchas sito no municipio de Lobeira en Ourense presentados ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), alertan de que “hai entre 32.400 e 97.200 bacterias moi perigosas por cada mililitro de auga”.

Bacterias que permanecen na auga do encoro durante todo o ano, debido a que alí se dan as condicións óptimas para que proliferen.

Segundo estes informes científicos, a contaminación da conca do río Limia, cuxa auga vai parar ao encoro das Conchas e despois segue o seu curso cara a Portugal, non pode proceder da rede de sumidoiros urbana mal depurada senón que o orixe é orgánico.

Sinalan tamén que a biodiversidade do encoro está gravemente prexudicada, a causa da presenza de toxinas moi perigosas para a saúde e a biodiversidade”.

Expoñen que os análises revelan un numero anormalmente alto de bacterias, unhas “400 especies”, algunhas “moi perigosas” e mesmo “bacterias resistentes” a antibióticos.

Asinado o día 14/08/2025 ás 12:47  
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 14/08/2025 ás 12:47  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106358

28071 Madrid





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31205  
Data envío: 14/08/2025 14:30:24.338**

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil realizou controis exhaustivos e múltiples traballos de investigación, concluíron que a presenza de nutrientes que provoca contaminación no encoro das conchas é consecuencia do uso de fertilizantes e da xestión de xurros na comarca da Limia. E que para avanzar na solución da problemática detectada mediante Resolución do 9 de maio de 2022 a Dirección Xeral da Auga de MITECO incluíu o encoro das Conchas no mapa de afectados pola contaminación difusa.

O trámite anterior debería de continuar, de conformidade co establecido no artigo 4 do Real decreto 47/2022, no que o órgano competente da Comunidade Autónoma designe como zonas vulnerables todas as superficies coñecidas do seu territorio cuxa esorrentia fluía cara ás augas afectadas e que contribúan, aínda que sexa minimamente, á súa contaminación.

Aplicando códigos de boas prácticas agrarias e programas de actuación, con obxecto de previr e reducir a causada por os nitratos de orixe agrario. Esta xestión do Goberno autonómico galego está pendente dende o ano 2022

Ademais, do encoro despréndense bioaerosoles que se dispersan pola zona e conteñen microcistinas tóxicas, nitratos e nitritos o que se relaciona con tumores de esófago, estómago, páncreas, mama bacterias como a *legionella* ou a *coxiella burnetti* e tamén bacterias resistentes.

Esta contaminación incide a maiores en que a veciñanza da zona afectada ten que soportar fortes cheiros e non poden utilizar a auga dos pozos, así como temen beber a auga da rede pública.

Os estudos presentados ante o TS alertan de que a incidencia de cancros na zona supera a taxa doutras comarcas sobre todo en mulleres. Un grave problema de saúde pública que preocupa a este grupo parlamentario.

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106359

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31205**  
Data envío: 14/08/2025 14:30:24.338

A situación descrita é unha cuestión de saúde pública e por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas pensa adoptar o Goberno galego, ante a presenza de toxinas moi perigosas para a saúde no encoro das Conchas nas comarcas da Limia e a Baixa Limia?

Parlamento de Galicia, 14 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

28071 Madrid

106360

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/08/2025 12:47:20

Elena Espinosa Mangana na data 14/08/2025 12:47:37

Silvia Longueira Castro na data 14/08/2025 12:47:49



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31205**  
Data envío: 14/08/2025 14:30:24.338

**REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:30:24**

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31208  
Data envío: 14/08/2025 14:32:02.507

Asinado o día 14/08/25  
12:53  
Por Paloma Castro R.

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María del Carmen Rodríguez Dacosta e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas públicas de calidade constitúe un alicerce esencial para o progreso económico, a cohesión territorial e o benestar da sociedade galega. No caso de Galicia, a mellora e modernización das estradas adquire unha relevancia estratéxica para garantir a igualdade de oportunidades, a mobilidade segura e o acceso aos servizos básicos por parte da cidadanía.

Asinado o día 14/08/2025 ás  
12:53  
Por Carlos López Font

A estrada OU-533, que conecta A Rúa con A Gudiña, atravesando diversos concellos da comarca de Valdeorras, representa unha das principais vías de comunicación no leste da provincia de Ourense. A pesar da súa importancia para o tráfico local, intercomarcal e mesmo rexional, o estado actual desta infraestrutura presenta deficiencias graves no trazado, con numerosas curvas de radio reducido, tramos con visibilidade escasa e ausencia de carrís de adelantamento entre Viana do Bolo e A Gudiña e nas proximidades do Alto do Covelo.

Ademais, o firme presenta un grao notable de deterioración ao longo de moitos treitos da vía, poñendo en risco a seguridade viaria e prexudicando o desenvolvemento económico dunha zona que xa sofre un acusado despoboamento.

Asinado o día 14/08/2025 ás  
12:53  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106363

28071 Madrid





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/08/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 31208**  
Data envío: 14/08/2025 14:32:02.507


Resulta imprescindible avanzar cara unha mellora integral da vía, co obxectivo de garantir a seguridade viaria, reducir tempos de desprazamento e mellorar a calidade de vida da poboación da comarca.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Vai a Xunta de Galicia a executar un proxecto de mellora integral do trazado da estrada OU-533?

Parlamento de Galicia, 14 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

28071 Madrid

106364

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/08/2025 12:53:29

Carlos López Font na data 14/08/2025 12:53:37

Paloma Castro Rey na data 14/08/2025 12:53:45





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:32:03

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31210**

Data envío: 14/08/2025 14:33:03.651

Asinado o día 14/08/25  
12:55  
Por Silvia Longueira (

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O centro de saúde de Lobios leva en situación de precariedade asistencial desde finais de 2023, tras quedar vacante a segunda praza de facultativo, provocando unha sobrecarga de traballo sobre a única médica en activo e o resto do persoal sanitario, composto actualmente por dúas prazas de enfermería.

Esta situación foi denunciada polo Grupo Parlamentario Socialista como un colapso asistencial, especialmente grave tendo en conta que Lobios é un concello de poboación envellecida, como acontece na maioría dos municipios da provincia de Ourense, dispersa xeograficamente e con importantes dificultades de acceso a servizos básicos.

Recentemente, eramos coñecedores a través dun periódico local que a Dirección Xeral de Atención Primaria comprometeuse a cubrir a segunda praza médica durante o verán de 2025.

Esta é sen dúbida unha boa nova, pero tamén abre interrogantes fundamentais sobre a organización do espazo físico no centro de saúde, que conta con limitacións para acoller dúas consultas médicas, así como sobre a data exacta e as condicións da incorporación do novo profesional sanitario.

Ante o incremento estacional da poboación durante os meses de verán e as especiais características demográficas da zona, resulta urxente que a Xunta de

Asinado o día 14/08/2025 ás  
12:55  
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 14/08/2025 ás  
12:55  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106367

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-yQ8lpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31210**  
Data envío: 14/08/2025 14:33:03.651


Galicia aclare como vai reorganizar os recursos e o espazo dispoñible no centro médico para garantir unha atención primaria digna e segura.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a data concreta prevista para a incorporación do segundo facultativo no centro de saúde de Lobios?

Parlamento de Galicia, 14 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106368

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/08/2025 12:55:34

Elena Espinosa Mangana na data 14/08/2025 12:55:45

Silvia Longueira Castro na data 14/08/2025 12:55:53



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:33:04



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31210**  
Data envío: 14/08/2025 14:33:03.651

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31212  
Data envío: 14/08/2025 14:33:51.712

Asinado o día 14/08/2025 ás 12:57  
Por Patricia Iglesias F

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Ourense é terra de ximnasia e de grandísimos e grandísimas ximnastas, adestradores e adestradoras e clubs, que dende hai case medio século escribiron a súa historia a nivel provincial, autonómico, nacional e internacional dende a cidade das Burgas.

Non se pode entender a ximnasia con maiúsculas no noso país —nas súas distintas disciplinas como a rítmica, acrobática, trampolín ou estética— sen falar de nomes e entidades que son referente indiscutible: Club 2000, Aurora Prada, Marta Bobo, Pino Díaz, Mari Cruz e Pili Cobelas, Silvia Alonso, Loli Graña, Isaura Hermida, Ada Pazos, Begoña Paredes, Ángeles Pérez, Miguel Vicente Mariño, Daniel Pérez Morales, Yael Campelo, Esther Prieto, Melania Rodríguez, Club Ximnasia Pavillón, Club Ximnasia As Burgas, Club Marusia, Carmen Blanco... e un longo etcétera de persoas que levaron e levan o nome de Ourense con orgullo, representándonos con excelencia no mundo da ximnasia.

Porén, os éxitos e a traxectoria de alto nivel da ximnasia ourensá contrastan de forma evidente coa precariedade e insuficiencia das instalacións deportivas especializadas das que dispuxo historicamente a cidade, máis alá do apoio puntual por parte do Consello Municipal de Deportes ou do Pazo dos Deportes Paco Paz, que non reúne as condicións específicas para a tecnificación e competicións nas distintas modalidades ximnásticas.

Asinado o día 14/08/2025 ás 12:57  
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 14/08/2025 ás 12:57  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106371

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-yQ9|psq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31212**  
Data envío: 14/08/2025 14:33:51.712

As socialistas incluímos nas emendas os orzamentos unha partida para a construción desta infraestrutura e ademais presentamos unha batería de iniciativas o respecto, tratada na comisión parlamentaria correspondente.


Hai que resaltar, como antecedente que no mes de febreiro de 2014, hai xa máis dunha década, o delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense anunciaba a construción dun novo polideportivo na finca de Mariñamansa que se convertería en referente da ximnasia a nivel galego, recoñecendo daquela que a cidade carecía dunha infraestrutura axeitada para adestramentos e campionatos desta disciplina. Comprometíase entón un proxecto de polideportivo multiusos con tecnificación específica para as modalidades de ximnasia, cun orzamento previsto de tres millóns de euros.

Cómpre lembrar que o goberno bipartito do Concello de Ourense, formado polo PSdeG-PSOE e o BNG, xa puxera en marcha naquela altura un Plan Director e un Estudo Xeotécnico para construír un complexo deportivo na zona sur da cidade, dentro dunha estratexia de descentralización de infraestruturas e achegamento do deporte aos barrios. Estes documentos foron remitidos á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, no marco dun compromiso interinstitucional previo.

O proxecto contemplaba un pavillón adaptado ás necesidades técnicas e espaciais das distintas modalidades de ximnasia, recoñecendo a longa tradición e os importantes logros deportivos que ten Ourense nesta disciplina.

No mes de xuño de 2024, o actual alcalde e o concelleiro de Deportes anunciaban a intención de construír un novo pavillón para a práctica da ximnasia, mais sen achegar concreción, prazos, nin demandar colaboración doutras administracións. A día de hoxe, non consta avance real ningún neste sentido.

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106372

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31212**  
Data envío: 14/08/2025 14:33:51.712

Ante a parálise evidente do proxecto, as necesidades urxentes das e dos ximnastas e dos seus clubs, e a falta de vontade política nalgunhas administracións para dar cumprimento a esta demanda histórica, o Grupo Parlamentario Socialista considera imprescindible que a Xunta de Galicia asuma as súas responsabilidades e actúe con determinación para garantir unhas instalacións axeitadas para a práctica e tecnificación da ximnasia en Ourense.

Por todo o anterior, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia retomar o compromiso adquirido no ano 2014 para a construción dun pavillón especializado en ximnasia na cidade de Ourense?

Parlamento de Galicia, 14 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106373

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/08/2025 12:57:25

Paloma Castro Rey na data 14/08/2025 12:57:42

Patricia Iglesias Rey na data 14/08/2025 12:57:52





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:33:52

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31214**  
Data envío: 14/08/2025 14:34:54.225

Asinado o día 14/08/25  
12:57  
Por Silvia Longueira (

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A chegada das altas temperaturas está a provocar unha situación límite en moitos centros de saúde e plantas hospitalarias da provincia de Ourense, cun impacto directo na saúde e benestar tanto do persoal sanitario como da poboación atendida.

O Comité Intercentros xa alertaba desta situación o verán pasado e deuse conta no propio comité de seguridade e saúde laboral, denunciando reiteradamente as condicións térmicas extremas que se soportan en moitos destes centros debido á ausencia ou deficiente funcionamento dos sistemas de climatización.

Nos centros de saúde de Ribadavia, Xinzo de Limia (na área de fisioterapia), O Carballiño, Maceda, Amoeiro e Leiro, así como no Hospital de Piñor e nos edificios Cristal e Santa María Nai do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), rexístranse temperaturas superiores aos 30°C, chegando nalgúns casos aos 32°C nas consultas, segundo denuncias recollidas polas propias delegadas de prevención.

Esta situación supón un risco para a saúde e a seguridade laboral das profesionais e tamén para a integridade física das persoas usuarias do sistema sanitario público, especialmente aquelas máis vulnerables como persoas maiores, embarazadas, crianzas ou pacientes con patoloxías crónicas.

Asinado o día 14/08/2025 ás  
12:56  
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 14/08/2025 ás  
12:56  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106376

28071 Madrid





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31214**  
Data envío: 14/08/2025 14:34:54.225

A situación é tal que nalgúns centros o persoal sanitario se ve obrigado a traer ventiladores das súas propias casas, nun intento desesperado por facer máis soportable a xornada laboral e garantir unha mínima comodidade á cidadanía atendida.

A falta de investimento en sistemas de climatización, o mal estado dos equipos existentes e a carencia dun mantemento axeitado agravan aínda máis o problema.

Cómpre lembrar que, segundo a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, a temperatura máxima recomendada nos espazos onde se realizan tarefas lixeiras é de 25°C. Superar con regularidade esa temperatura nun ámbito asistencial é non só inaceptable senón tamén perigoso.

Esta realidade, que se repite ano tras ano sen que se tomen medidas efectivas, require dunha actuación inmediata por parte da Consellería de Sanidade e do Sergas, a través dun plan de investimentos urxente e específico para a mellora da climatización nos centros sanitarios da provincia de Ourense.

**Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:**

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para garantir unhas condicións térmicas axeitadas nos centros de saúde e hospitais da provincia de Ourense durante os meses de calor?

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) **981.55.15.30**

106377

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/08/2025 12:56:48

Elena Espinosa Mangana na data 14/08/2025 12:56:59

Silvia Longueira Castro na data 14/08/2025 12:57:09





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31214**  
Data envío: 14/08/2025 14:34:54.225

**REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:34:54**

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O 12 de agosto publicábase no Diario Oficial de Galicia a convocatoria para 2026 das axudas para a promoción do viño galego en terceiros países, fóra da Unión Europea, para as que a Xunta de Galicia destina 1,7 millóns de euros co obxectivo de apoiar ao sector vitivinícola da nosa comunidade.

Estas achegas buscan fomentar o coñecemento das características e calidades do viño galego máis aló das fronteiras da Unión Europea, co fin de mellorar a súa competitividade no estranxeiro mediante a apertura, diversificación ou consolidación do mercado nestes países. Nesta liña, poderán beneficiarse das axudas as empresas vinícolas, as organizacións de produtores vitivinícolas e as súas asociacións, as organizacións interprofesionais, ou os órganos de xestión e de representación das denominacións de orixe protexidas (DOP) e indicacións xeográficas protexidas (IXP) vitivinícolas, así como as súas asociacións.

Tamén poderán recibir axuda as asociacións temporais ou permanentes de produtores que teñan entre os seus fins o desenvolvemento de iniciativas en materia de promoción e comercialización do viño, as cooperativas que comercialicen viños elaborados por elas ou polos seus asociados ou as entidades asociativas sen ánimo de lucro participadas exclusivamente por empresas do sector vitivinícola que teñan entre os seus fins a promoción exterior dos viños.

Cómpre destacar que estas achegas enmárcanse na Intervención Sectorial Vitivinícola (ISV), que á súa vez se atopa incluída no Plan Estratéxico Nacional de Política Agraria Común (PAC) de España 2023 – 2027. É dicir, un contexto favorable para o sector, que repercute positivamente na comercialización e internacionalización dos viños galegos e tamén contribúe a mellorar o agro da nosa comunidade.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte pregunta oral:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia desta convocatoria de axudas para a promoción do viño galego en terceiros países fóra da Unión Europea?

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2025



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/08/2025 15:27:40

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/08/2025 15:27:52

José Mato Díaz na data 14/08/2025 15:28:06

Enrique Barreiro Sánchez na data 14/08/2025 15:28:12

Cristina Campero Dorado na data 14/08/2025 15:28:21

Juan Manuel Casares Gándara na data 14/08/2025 15:28:37

Nicole Grueira Fernández na data 14/08/2025 15:29:02

Ángel Rodríguez Conde na data 14/08/2025 15:29:20

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/08/2025 15:29:28





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 15:33:10

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31231**  
Data envío: 14/08/2025 17:51:25.341

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Maria Elena Espinosa Mangana, Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

É coñecida a historia da concentración parcelaria que se enmarca dentro dun movemento máis amplo, no século XX, coa finalidade de modernizar a agricultura e mellorar a produtividade. Movemento do que Galicia non é allea e onde era particularmente necesaria debido ao minifundismo e ás nosas características agropecuarias que situaban, sobre todo á nosa agricultura, como pouco rendible. Poderíamos dicir que a concentración parcelaria en Galicia sempre buscou agrupar pequenos terreos para conseguir unidades produtivas máis grandes que facilitasen o acceso á maquinaria, pero sobre todo optimizando os recursos e permitindo unha agricultura máis rendible.

Tamén sabemos que son procesos que non estiveron exentos de controversias, desde os propietarios das terras ata quen defendía a non perda de determinados modos agrícolas. Agora damos un salto á actualidade e atopámonos cunhas declaracións do presidente da Xunta de Galicia, o Sr Rueda, do pasado día 23 de xullo que pon en valor a concentración parcelaria como "motor estratéxico do desenvolvemento rural" en Galicia, e onde tamén puxo en valor a importancia de que a terra dos concellos rurais estea ordenada e poida ser explotada, apelando tamén á responsabilidade dos propietarios para aproveitar estas concentracións. Con todo hai concellos como o de Tomiño, onde o proceso de concentración parcelaria quedou estancado desde hai moitos anos, causando un grave problema aos veciños e veciñas que non ten posibilidades de iniciativas de emprendemento maioritariamente para

Asinado o día 14/08/2025 ás  
17:49  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 14/08/2025 ás  
17:49  
Por Elena Espinosa Mangana

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106384

28071 Madrid





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31231**  
Data envío: 14/08/2025 17:51:25.341



plantas ornamentais, kiwi e viñedos que impiden a ampliación das zonas de cultivo.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Está disposta a Xunta de Galicia a poñer en marcha, un novo plan de concentración parcelaria en Tomiño?

Parlamento de Galicia, 14 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106385

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 14/08/2025 17:49:14

Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/08/2025 17:49:22





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 17:51:25



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31231**  
Data envío: 14/08/2025 17:51:25.341

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/08/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 31237**  
Data envío: 16/08/2025 17:44:45.894

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O verán de 2025 está a confirmar o que os expertos, organizacións agrarias e dende este grupo parlamentario levamos anos advertindo de que os incendios forestais en Galicia son cada vez máis intensos, máis rápidos e máis difíciles de extinguir.

Este fenómeno non é froito dun azar climático, senón a combinación de dous factores principais, o cambio climático e o abandono progresivo do rural galego.

O cambio climático provoca unha maior frecuencia de ondas de calor, temperaturas extremas, baixa humidade e períodos de seca prolongada, condicións que favorecen a aparición e a rápida propagación dos lumes.

Estes episodios extremos, antes excepcionais, son xa recorrentes cada verán e, segundo as previsións, intensificaranse nas próximas décadas.

Ao mesmo tempo, Galicia sofre unha grave crise demográfica e socioeconómica no rural: perda constante de poboación, envellecemento acusado, desaparición de servizos básicos e abandono das actividades agrarias e gandeiras tradicionais. As terras antes cultivadas ou utilizadas como pastos, que actuaban como barreiras naturais fronte ao lume, convertéronse en masas continuas de matogueira e arborado sen xestión. Esta acumulación de combustible vexetal é un factor determinante na virulencia dos incendios.

Asinado o día 16/08/2025 ás  
17:42  
Por Lara Méndez López

Asinado o día 16/08/2025 ás  
17:41  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106388

28071 Madrid





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31237**  
Data envío: 16/08/2025 17:44:45.894

A combinación destes dous factores crea un escenario de alto risco estrutural, cada vez hai máis biomasa dispoñible e as condicións meteorolóxicas son máis extremas.

En consecuencia, os incendios que se producen son máis difíciles de controlar, máis perigosos para a poboación e para os servizos de extinción, e con maiores impactos ambientais e económicos.

O actual modelo da Xunta de Galicia segue a centrarse na extinción e non na prevención, mantendo contratos temporais nas brigadas e fixos discontinuos, con traballos limitados a uns poucos meses ao ano, e sen un plan integral que combine a ordenación do territorio, a recuperación das actividades produtivas do rural e a adaptación ao cambio climático.

En lugar de impulsar unha xestión activa e sostible do territorio que reduza o risco, a política forestal actual perpetúa un sistema reactivo, que cada verán se ve desbordado por incendios cada vez máis complexos e perigosos.

É imprescindible un cambio de rumbo que integre prevención estrutural e revitalización do rural como dous tres piares inseparables da loita contra os lumes.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Ten previsto o Goberno galego desenvolver estratexias de adaptación ao cambio climático aplicadas á xestión forestal?

Parlamento de Galicia, 16 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106389

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/08/2025 17:41:53

Lara Méndez López na data 16/08/2025 17:42:17





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/08/2025 17:44:46

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

A Consellería do Medio Rural está comprometida coa promoción dunha alimentación saudable entre a poboación máis moza, potenciando a inclusión de produtos frescos nos centros educativos.

O Programa de Leite e Froita nas Escolas é unha iniciativa de carácter educativo e nutricional co que se pretende fomentar uns hábitos alimentarios saudables entre o alumnado galego, así como achegarlles o valor da produción agrícola e promover o consumo de produtos frescos e naturais a idades temperás. A súa aplicación ten un enfoque integral, xa que, ademais da distribución gratuíta de produtos como froita fresca, castañas e leite líquido, tamén incorpora actividades complementarias de carácter didáctico e divulgativo, que buscan sensibilizar ao alumnado sobre a importancia dunha alimentación equilibrada e sostible.

A súa finalidade non é só ofrecer opcións saudables durante o horario escolar, senón tamén concienciar ao alumnado sobre a importancia de manter unha alimentación variada e equilibrada, reducir o consumo de produtos ultraprocesados e, ao mesmo tempo, valorizar os produtos do sector primario galego. Así mesmo, promóvese a sustentabilidade e o respecto polo medio ambiente, ao incentivar o consumo de alimentos de tempada, de proximidade e producidos de maneira responsable.

A través desta actuación, o sistema educativo convértese nun aliado fundamental para promover a saúde pública e a educación nutricional dende as idades máis temperás. O programa contribúe, tamén, a reducir as desigualdades sociais no acceso a produtos frescos e nutritivos, e reforza o papel da escola como espazo de aprendizaxe integral, tamén no eido dos hábitos de vida saudables.

Unha vez finalizado o pasado curso escolar e co reparto de produtos xa rematado, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai o Goberno galego sobre a última edición do Programa de Leite e Froita nas escolas de Galicia?





PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/08/2025 11:44:20  
Nº Rexistro: 31242  
Data envío: 18/08/2025 11:44:20.284

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



CSV: BOPGDSPG-yQ8lpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 18/08/2025 11:42:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 18/08/2025 11:42:40

José Mato Díaz na data 18/08/2025 11:42:51

Enrique Barreiro Sánchez na data 18/08/2025 11:42:59

Juan Manuel Casares Gándara na data 18/08/2025 11:43:05

Cristina Campero Dorado na data 18/08/2025 11:43:21

Nicole Grueira Fernández na data 18/08/2025 11:43:37

Ángel Rodríguez Conde na data 18/08/2025 11:43:54

Cecilia Vázquez Suárez na data 18/08/2025 11:44:06





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 11:44:20  
**Nº Rexistro: 31242**  
Data envío: 18/08/2025 11:44:20.284

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 11:44:23

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza asuma a competencia de todos os Comedores Escolares xestionados polos Concellos e ANPAs na actualidade, así como de universalizar o servizo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comedor escolar nos centros educativos é un servizo de apoio ás familias consistente en ofrecer o xantar ao remate da xornada lectiva matinal. O obxectivo principal deste servizo é a conciliación da vida laboral e familiar das nais e pais do alumnado, así como garantir un menú equilibrado a aquel alumnado de familias en risco de exclusión.

Trátase dun servizo que forma parte daqueles que a Consellería de Educación denomina “Servizos Educativos Complementarios”, xunto co transporte escolar ou as aulas matinais ou tardías (malia que as aulas pertencen á Consellería de Política Social), estando regulado no Decreto 132/2013, do 1 de agosto. Estes servizos básicos para a cidadanía na actualidade, deberan ser considerados como tal e non “complementarios”

O decreto cumpre en xeral o mandato da Constitución española que consagra o dereito á educación e corresponde aos poderes públicos garantir o seu exercicio en condicións de igualdade, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e promovendo as condicións para que esta igualdade sexa real e efectiva.

Asinado o día 18/08/2025 ás  
11:51  
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 18/08/2025 ás  
11:51  
Por Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

En particular, o decreto baséase nos principios e habilitacións legais xerais para a actuación das administracións educativas que se atopan en distintos artigos da Lei orgánica de educación (LOE).

Así, pódese citar o seu artigo 80, que sinala de xeito textual:

«1. Co fin de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación, as administracións públicas desenvolverán **accións de carácter compensatorio** en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorables e proverán os recursos económicos e os apoios precisos para iso.

2. As políticas de educación compensatoria reforzarán a acción do sistema educativo de forma que se eviten desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos u doutra índole.

3. Correspóndelles ao Estado e ás comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos de competencia fixar os seus obxectivos prioritarios de educación compensatoria».

En calquera caso, estamos perante dun servizo altamente demandado na actualidade, por parte da sociedade galega e que cando a Consellería de Educación non asume a súa competencia, é prestado polas asociacións de nais e pais do alumnado (ANPAS) ou polos concellos que voluntariamente acorden dar cobertura a esta actividade escolar complementaria.

Estas decisións tómanse para garantir o dereito de acceso ao ámbito laboral das mulleres maiormente. É evidente que na sociedade actual os servizos de conciliación, téñense tornado básicos á hora de poder acceder a un emprego e/ou desenvolver unha carreira profesional en condicións minimamente factíbeis. De aí, que ao longo do tempo e, na medida en que as necesidades sociais así o demandan, o sistema educativo público





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

debe estender os seus servizos, de xeito flexible e atenta á propia evolución da sociedade.

Por outro lado, conforme o apartado 2, letra n) do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, este tipo de prestacións non entran dentro da esfera das competencias propias dos concellos, pero teñen accedido a convenios coa Consellería de Educación para poder implantar e viabilizar este servizo nos centros escolares, malia que esta modalidade de actuación tórnase claramente insuficiente e discriminatoria.

Non parece de recibo que estes servizos educativos complementarios recaían indefinidamente nuns concellos actualmente sobrecargados no exercicio de competencias impropias e cun financiamento claramente deficitario. Asemade, tampouco resulta axeitado, facer depender da vontade política de cada concello a implantación deste tipo de servizos, en contra do principio de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia das persoas, eventuais beneficiarias do referido servizo (máxime nunha Comunidade Autónoma como a galega, caracterizada pola dispersión poboacional e as consecuencias de todo tipo que isto supón).

As familias con xestión dos concellos ou ANPAS deben abonar importes moito máis elevados por cada menú en comparación cos aplicados pola Consellería segundo a renda, onde a meirande parte das familias están exentas de pago ou tan só abonan un euro, sendo imposible para eles poder asumir esas diferenzas no custo ou poder asumilo na súa totalidade por parte da administración local.

A alternativa actual da Xunta de Galiza é errada, porque xera desigualdade para as familias integradas en concellos ou ANPAS que non optaron por implementar este servizo educativo esencial. Neste sentido cómpre sinalar a función que debe exercer a Xunta de Galiza –a través da Consellería de Educación- como garante da igualdade entre todas as galegas e galegos, tanto desde un punto de vista territorial, como desde a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

igualdade social. E así mesmo, os requisitos e condicións de desenvolvemento do servizo de comedor escolar, debe artellarse en condicións de igualdade para todos os centros docentes públicos e concertados do país nos que haxa demanda das familias.

Cómpre avanzar nunha educación pública de calidade para todas as persoas e, asemade, dar cumprimento á tarefa fundamental de facer efectiva a igualdade real entre homes e mulleres a través da implementación de programas reais de conciliación da vida laboral e familiar e, moi concretamente, a través da universalización destes servizos educativos, tendo en conta a equidade e compensación das desigualdades en educación, ao respecto da igualdade de oportunidades no ámbito rural.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que pasos vai dar a Consellaría de Educación para asumir os comedores escolares como un servizo propio sumando aqueles que están a xestionar as ANPAS e os concellos e que están a sufrir unha discriminación por razón de orixe con respecto a outros centros educativos xestionados pola Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 18/08/2025 11:51:45

Ariadna Fernández González na data 18/08/2025 11:51:57



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 11:52:15  
**Nº Rexistro: 31244**  
Data envío: 18/08/2025 11:52:15.146

**REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 11:52:15**

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza autorice aos centros educativos con servizo de comedor escolar con xestión directa a realizar os menús precisos para atender ao alumnado do resto de centros do mesmo municipio ou outros próximos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comedor escolar nos centros educativos é un servizo de apoio ás familias consistente en ofrecer o xantar ao remate da xornada lectiva matinal. O obxectivo principal deste servizo é a conciliación da vida laboral e familiar das nais e pais do alumnado, así como garantir un menú equilibrado a aquel alumnado de familias en risco de exclusión.

Trátase dun servizo que forma parte daqueles que a Consellería de Educación denomina “Servizos Educativos Complementarios”, xunto co transporte escolar ou as aulas matinais ou tardías (malia integrarse na Consellería de Política Social), estando regulado no Decreto 132/2013, do 1 de agosto.

O decreto cumpre en xeral o mandato da Constitución española que consagra o dereito á educación e corresponde aos poderes públicos garantir o seu exercicio en condicións de igualdade, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e promovendo as condicións para que esta igualdade sexa real e efectiva.

Pero a realidade é que en moitos centros educativos carecen deste servizo, aínda tendo demanda suficiente para poder implementar o mesmo. Estas escolas quedan á

Asinado o día 18/08/2025 ás  
12:29  
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 18/08/2025 ás  
12:29  
Por Cristina Fernández Davila







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

mercé de que o Concello ou a ANPA queiran xestionalo ante a negativa reiterada da Consellería de Educación.

Por outra banda, a maioría dos comedores existentes teñen unha xestión indirecta do servizo a través dunha contratación pública a unha empresa de catering que proporciona os menús a diario no propio centro. Moi poucos centros continúan a ter unha xestión directa con persoal propio (cociñeiras/os e axudantes de cociña) que son traballadoras/es da Consellería de Educación. Este tipo de xestión require dunhas instalacións de cociña e almacén no mesmo centro educativo.

Non hai comparación posible entre unha xestión directa e outra indirecta, por moito control que a Consellería pretenda facer a través dos pregos de licitación para a súa contratación. A calidade das materias primas na xestión directa é evidente, tamén a cantidade ou a variedade do menú e a importancia da adquisición de produtos de tempada e de proximidade ao centro. De igual xeito, os custes deste sistema tampouco deben ser maiores que na contratación para a xestión indirecta.

Estamos, polo tanto, ante comedores cunha alta demanda de prazas, inclusive a través de varias quendas do servizo, debido á diferenza na calidade dos menús.

Constátase ademais que os centros atópanse sen persoal suficiente para atender a diario o traballo inxente que implica facer de xeito profesional pero non industrial menús para centos de nenos e nenas. Resulta difícil atopar persoas nas listaxes de substitución para poder incorporar en caso de baixa laboral ou permisos das titulares, polo que nalgúns casos as direccións destas escolas deben recorrer a contratar un catering de xeito temporal para atender o servizo en caso de ausencias.

Pensando naqueles concellos onde temos centros con xestión directa, coas instalacións necesarias para realizar os menús e persoal específico para este traballo,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

sería acaído que a Consellería de Educación, a través da Secretaría Xeral Técnica, planificaran a curto e medio prazo,

1. Reforzar os medios (persoal, electrodomésticos intelixentes ou semiindustriais, vehículo de transporte refrixerado, etc.),

2.- Elaborar e repartir os menús a outros centros nos que aínda non hai este servizo e si demanda, para poder ampliar o mesmo ao maior número posible de alumnado,

3.- Valorar a longo prazo a posibilidade de substituír este sistema pola xestión indirecta, naqueles concellos onde exista algunha cociña propia.

É preciso que a Consellería de Educación asuma dunha vez por todas a súa competencia e non discrimine entre uns centros e outros, entre as vilas e as cidades e entre o ámbito urbano e o rural. Poder ampliar a xestión directa naqueles centros que teñen este modelo a outros que non o teñen, sería unha decisión acertada e sostible para o sistema educativo como economicamente para a Consellería.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza autorizar aos centros educativos con servizo de comedor escolar con xestión directa a realizar os menús precisos para atender ao alumnado do resto de centros do mesmo municipio ou outros próximos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 18/08/2025 12:29:12

Ariadna Fernández González na data 18/08/2025 12:29:25

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2025 12:31:01  
**Nº Rexistro: 31271**  
Data envío: 18/08/2025 12:31:01.933

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 12:31:02

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ariadna Fernández González e Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o servizo de saúde mental do CIS de Lalín.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de saúde mental do CIS de Lalín é un servizo insuficiente para o nivel de poboación que ten asignada e que se achega aproximadamente aos 40.000 habitantes, que solo contan cun psicólogo/a e un psiquiatra. Isto deriva en situacións de agarda de máis de 6 meses para as primeiras consultas e que o seguimento sexa totalmente precario, de forma que en moitos casos a poboación dependente do CIS acude directamente á sanidade privada para seren atendidos, se é que dispoñen de medios para facelo.

Recentemente varios veciños e veciñas reclamaban que o servizo mellorara trasladando a problemática ao BNG lalinense e explicando a situación que se está a vivir no centro de saúde da capital dezá. A realidade é que a maiores de ter un só profesional de cada unha das especialidades, feito que xa mingua moito a capacidade de atención, non se cobren nin as vacacións nin as baixas destes, de forma que hai doentes agardando durante meses a seren atendidos e incumpríndose incluso de xeito frecuente as revisións de tratamentos prescritos, co que iso supón para a saúde de quen os precisa.

Na actualidade a psicóloga atópase facendo uso dunha incapacidade temporal, o que implica que o servizo de psicoloxía de Lalín non se está a prestar ao non cubrirse a súa baixa con outro profesional, co que iso implica na acumulación de agardas, xa de

Asinado o día 19/08/2025 ás  
09:27  
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 19/08/2025 ás  
09:27  
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

por si de grande duración. Os doentes reciben o mesmo día que teñen a consulta a notificación de que non acudan ao non estar a profesional no centro e logo non son convocados para unha nova visita en mais dun mes, co que iso significa.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que adiar durante meses as primeiras consultas e as revisións de saúde mental no CIS de Lalín é garantir a correcta atención dos doentes que dependen dese centro de saúde?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 19/08/2025 9:27:13

María Montserrat Prado Cores na data 19/08/2025 9:27:21



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 9:28:27



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31516**  
Data envío: 19/08/2025 09:28:27.240

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a supresión do Programa Raogal por parte da Xunta de Galiza, recortando unha vez máis a atención ao alumnado máis vulnerable.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Educación anunciou a finais do mes de xullo a desaparición do Programa RAOGAL (Rede de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar de Galicia), unha decisión que supón deixar de atender a miles de menores en risco, así como ás súas familias.

Esta iniciativa posibilitaba o asesoramento e seguimento deste alumnado a nivel académico, pero tamén da súa vulnerabilidade socioeconómica ou por cuestións de saúde mental. Contribuíu á inclusión de alumnado migrante e ao acompañamento de alumnado da FP Básica, unha ensinanza que a Consellería de Educación anunciou reforzar no Plan FPGal360 e que agora quedan sen este servizo.

Este Programa foi creado con fondos europeos procedentes do Next-Generation e sen aportar orzamentos propios da Consellería de Educación e que permitiu dispoñer de 71 profesionais para formar a rede galega.

Estamos vendo como toda a propaganda que espalla o Goberno do PP na Xunta de Galiza sobre a súa preocupación sobre a diversidade e o alumnado con discapacidade e Necesidades Específicas de Apoio Educativo, non é unha prioridade para este executivo, senón que usa fondos externos cando ten oportunidade sen aportar nada do





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

seu propio orzamento, e non ten escrúpulos para eliminalos servizos, apoios ou reforzos en canto estes fondos desaparecen.

Foi a Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, quen informou nunha reunión ás persoas responsables das Unidades de Acompañamento e Orientación persoal e familiar (UACO) do peche deste servizo por “falta de orzamento”. Unha decisión que afecta a todos os profesionais asignados ao Programa, que deberán reincorporarse aos seus centros educativos o 1 de setembro con moi pouco tempo de preaviso, así como ás persoas que tiñan que substituílos e que xa contaban con estes contratos para o vindeiro curso escolar.

Este é un novo recorte na atención ao alumnado máis vulnerable que se suma a outros moitos realizados nos últimos meses como é a non convocatoria das prazas de atención preferente para profesorado especialista de atención á diversidade ou centrar soamente a atención no alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE) deixando de lado ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), incluído nas instrucións para este curso.

Fronte as declaracións en agosto do Conselleiro de Educación, nas que incidía en que este era un proxecto experimental que vai ser substituído por outro sistema que faga o mesmo pero noutra modalidade, non existe información de cando o vai facer, en que vai consistir e que vai pasar con todo o profesorado que estivo en formación para a aplicación do RAOGAL.

Ademais, a realidade é ben distinta. As familias con fillos e fillas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, con e sen certificado de discapacidade, están a sufrir a falta da atención personalizada por parte de especialistas que indican os seus informes médicos e de Orientación, facendo que o seu avance ao ritmo das súas compañeiras/os de clase sexa practicamente imposible.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións pensa levar a cabo a Consellaría de Educación para garantir que o Programa Raogal, que atendía aos miles de alumnos/as e familias galegas máis vulnerables, continúe prestando o servizo no futuro cun cadro de persoal estable e usando fondos propios?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 19/08/2025 12:32:40

Olalla Rodil Fernández na data 19/08/2025 12:32:48

Ariadna Fernández González na data 19/08/2025 12:33:00



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/08/2025 12:34:18  
**Nº Rexistro: 31521**  
Data envío: 19/08/2025 12:34:18.073

**REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 12:34:18**

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/08/2025 13:05:16  
**Nº Rexistro: 31527**  
Data envío: 19/08/2025 13:05:16.145

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión celebrada o día 25 de setembro de 2019 aprobou no debate anual sobre política xeral 57 Resolucións, entre as que figuraba como Resolución nº 46 a seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a declarar o estado de emerxencia climática en Galicia, co obxectivo primordial de comprometer as políticas do Goberno galego en facer fronte á emerxencia e conseguir a neutralidade climática antes do ano 2050, para o que fai falta activar coa máxima urxencia as medidas da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía e fomentar a adhesión de todos os concellos de Galicia ao Pacto dos alcaldes para o Clima e a Enerxía ofrecéndolles asesoramento personalizado para mellorar a súa eficiencia enerxética e a súa resiliencia fronte ao cambio climático. Ao tempo, o Parlamento insta a Xunta de Galicia a que a atención a esta emerxencia climática se compase coas necesidades do emprego e a industria en Galicia, solicitando do Goberno de España un proceso de transición enerxética máis ordenado e xusto, con investimento innovador en tecnoloxías de redución de emisións e con accións compensatorias para as comarcas nas que os obxectivos climáticos para 2050 supoñan impactos significativos para a súa economía e emprego.”

Cómpre aclarar que a dita resolución deriva dunha proposta formulada polo Grupo Parlamentario Popular.

Asinado o día 19/08/2025 ás  
13:02  
Por Carlos López Font

Asinado o día 19/08/2025 ás  
13:02  
Por Paloma Castro Rey

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106416

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-yQ9lpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/08/2025 13:05:16  
**Nº Rexistro: 31527**  
Data envío: 19/08/2025 13:05:16.145

A pesares disto o Goberno da Xunta transcorridos 6 anos non foi quen de aprobar esta declaración.

Dende o Grupo Socialista defendemos que coñecendo a gravidade da crise climática global e os seus efectos cada vez máis visibles no noso territorio — ondas de calor, incendios forestais, perda de biodiversidade, escaseza hídrica ou eventos meteorolóxicos extremos—, cómpre de maneira urxente a aprobación formal da Declaración de Emerxencia Climática en Galicia.

Unha declaración que non é un mero xesto simbólico, senón que debe ser o punto de partida para adoptar medidas ambiciosas, urxentes e xustas que garantan a vida, o benestar e a prosperidade das xeracións presentes e futuras.

Que supoña o recoñecemento oficial, por parte das institucións galegas, da crise climática como unha emerxencia real e urxente. Aprobala supón asumir que estamos fronte a unha situación extraordinaria que require acción inmediata, decidida e baseada en evidencias científicas. Trátase de dar un paso claro no compromiso político coa defensa do noso territorio, da saúde pública e da biodiversidade.

En segundo lugar, que sitúe a loita contra o cambio climático como unha prioridade institucional transversal. Isto implica integrar a perspectiva ambiental e climática en todas as áreas de goberno: dende a planificación urbanística ata a política económica, pasando polo transporte público, a educación, o consumo enerxético, a xestión forestal ou o medio rural. Sen unha visión integrada e coordinada, a resposta á emerxencia climática será insuficiente.

Que facilite a mobilización de recursos económicos e técnicos, tanto públicos como privados, para impulsar a transición ecolóxica. A declaración reforzaría a capacidade da administración galega para acceder a fondos europeos, estatais

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

106417

28071 Madrid





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/08/2025 13:05:16  
**Nº Rexistro: 31527**  
Data envío: 19/08/2025 13:05:16.145

e internacionais destinados á mitigación e adaptación ao cambio climático. Estes recursos deben canalizarse cara a proxectos que fomenten as enerxías renovables, a eficiencia enerxética, a mobilidade sostible e a protección dos ecosistemas.

Así mesmo, esta iniciativa busca garantir unha transición xusta, que non deixe ninguén atrás. A emerxencia climática afecta con máis forza ás persoas e comunidades máis vulnerables, polo que é imprescindible que as políticas climáticas estean deseñadas con criterios de equidade, solidariedade e inclusión. Debemos aproveitar esta oportunidade para crear emprego verde, fortalecer o tecido produtivo local e promover modelos de vida máis saudables e sostibles.

Por último, a declaración debe servir como marco para fomentar a participación cidadá activa fronte á crise climática, para construír de maneira colectiva un futuro máis xusto e resiliente.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego, en cumprimento da resolución núm. 46 do DEA 2019, aprobar a declaración do estado de emerxencia climática en Galicia, co obxectivo primordial de comprometer todas as futuras políticas do Goberno de Galicia?

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106418

28071 Madrid

@PSdeG







Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/08/2025 13:02:34

Carlos López Font na data 19/08/2025 13:02:41



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 13:05:16



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/08/2025 13:05:16  
**Nº Rexistro: 31527**  
Data envío: 19/08/2025 13:05:16.145

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que a Consellería de Educación tome medidas reais e efectivas para simplificar a burocracia nos centros educativos galegos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais de 2023 o presidente da Xunta de Galiza anunciou unha batería de medidas para a mellora educativa. O pasado 21 de xullo, volta publicitar un Plan de simplificación de tarefas burocráticas a dous cursos vista que, como moi cedo, comezará a implementarse cando se cumpran dous anos da sinatura do acordo, en outubro de 2023.

Segundo o presidente da Xunta, este Plan de simplificación de tarefas burocráticas, incorpora accións de simplificación de procedementos, dixitalización e no marco normativo, actuando en máis de 50 procedementos e 22 aplicacións manexadas nos centros, reducindo así a carga de traballo administrativo docente, calculando o aforro de 120.000 horas para o persoal docente en cada curso escolar.

Na realidade as medidas que din incorporar repercutirán na carga burocrática da propia administración e non no traballo burocrático que desenvolven as e os docentes na actualidade, que apenas incide en 4 horas por docente e curso, algo verdadeiramente insignificante.

En canto a impulsar a dixitalización dos procedementos, non produce unha mingua burocrática en moitos casos, pero si pode significar unha maior rixidez, como





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

xa teñen acreditado as docentes con diversas aplicacións impulsadas pola Consellería de Educación. Neste caso chegando ao absurdo de canalizar informaticamente comunicacións que deberían ser directas e persoais, sobre todo se falamos de Inspección Educativa ou de mellorar as canles coas familias, onde o que se precisa é que os titores/as teñan máis horas para poder atendelas.

Con respecto á posta en funcionamento dunha aplicación informática para o chamamento de profesorado substituto como novidade para acadar esa simplificación burocrática, xa recibiron críticas inmediatas do sindicato maioritario de traballadoras do ensino. Lonxe de ser unha iniciativa vangardista e novidosa como ten anunciado a Consellería, non aporta ningunha mellora burocrática, xa que as persoas docentes continuarán pendentes do seu dispositivo móbil, tendo en conta ademais as dificultades de cobertura que existen en distintos puntos do País. O que reclaman dende os centros educativos e as propias docentes é que as substitucións se fagan coa maior inmediatez posible para atender ao alumnado debidamente e que non se suspendan os chamamentos nas semanas previas aos períodos vacacionais.

O persoal dos departamentos de Orientación é dos máis afectados polo inxente número de informes que deben realizar. A solución non pasa pola creación dunha contorna de IA senón que o que se precisa son especialistas suficientes para atender á diversidade nas aulas e respectar a recomendación da UNESCO dun Orientador/a por cada 250 alumnos/as, cuestións que non se están a aplicar.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións pensa levar a cabo a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP para dotar aos centros educativos galegos dun Plan real e efectivo que garanta a simplificación da burocracia e permita ao persoal docente dispoñer do tempo necesario para prestar unha atención de calidade e personalizada a todo o alumnado?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 19/08/2025 13:27:48

Ariadna Fernández González na data 19/08/2025 13:28:00



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 13:29:17



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/08/2025 13:29:17  
**Nº Rexistro: 31532**  
Data envío: 19/08/2025 13:29:17.008

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31740  
Data envío: 19/08/2025 20:10:49.632

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O verán de 2025 volveu poñer en evidencia a gravidade do problema dos incendios forestais en Galicia, converténdose nunha auténtica catástrofe ambiental, económica e social que devastou miles de hectáreas e puxo en risco a vida das persoas e a seguridade de aldeas enteiras.

Unha das causas estruturais desta situación é a falla de planificación e execución real das políticas de prevención por parte da Xunta de Galicia.

A prevención é recoñecida por todos os expertos como a chave para evitar os grandes incendios de quinta e sexta xeración, mais o Goberno galego continúa a chegar tarde, mal e arrastro.

No exercicio 2025, a Consellería do Medio Rural anunciara dúas liñas principais de investimento en materia de prevención:

1. A licitación de obras de infraestruturas (capítulo VI), cun importe de 2.990.863 €.
2. As subvencións para actuacións preventivas (capítulo VII), cun orzamento total de 5.400.000 €.

A realidade, con todo, é demoledora: a día 6 de agosto de 2025 ningunha das dúas liñas foi adxudicada nin resolta, permanecendo bloqueados 8.390.863 € de orzamento público destinado a prevención.

Asinado o día 19/08/2025 ás  
20:08  
Por Lara Méndez López

Asinado o día 19/08/2025 ás  
20:08  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106426

28071 Madrid







**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31740**  
Data envío: 19/08/2025 20:10:49.632

Esta parálise administrativa tradúcese nun impacto directo sobre o territorio: aproximadamente o 50 % das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) non contaron cos traballos solicitados para esta campaña, quedando sen executar rozas preventivas, repaso de cortalumes, mantemento de pistas forestais ou intervencións en zonas de repoboación.

A demora é especialmente grave porque:

- Deixou sen operatividade centos de quilómetros de cortalumes.
- Aumentou a carga de combustible en zonas críticas de monte.
- Impediu melloras básicas de accesibilidade ás zonas forestais, dificultando a actuación dos medios de extinción.
- Frustrou o esforzo organizativo e económico de máis de 1.400 montes veciñais que presentaran proxectos preventivos.

A Xunta de Galicia, en lugar de priorizar a prevención e garantir a execución en prazo destes fondos, amosou unha vez máis a súa incapacidade de planificación e de xestión, con consecuencias desastrosas para o conxunto do país.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Que explicación dá a Consellería do Medio Rural para que, a mediados de agosto de 2025, non se teña adxudicado ningún dos 9 lotes de obras de infraestruturas de prevención de incendios, por importe de 2.990.863 €?

Parlamento de Galicia, 19 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106427

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/08/2025 20:08:14

Lara Méndez López na data 19/08/2025 20:08:23





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 20:10:50

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas e Montserrat Valcárcel Armesto**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta en Pleno**, sobre a afectación da vaga de lumes sobre o patrimonio cultural galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vaga de lumes que está a asolar Galiza durante este verán xa se converteu en histórica polas gravísimas afectacións que leva provocado quer en perda de vidas humanas quer materiais con aldeas arrasadas onde a veciñanza o perdeu todo.

Asemade os incendios afectaron paraxes naturais de alto valor paisaxístico e ecolóxico.

Mais tampouco podemos esquecer toda a afectación sobre o patrimonio cultural, material e inmaterial, que en Galiza está presente, na súa riqueza e diversidade, na inmensa maioría do territorio, malia non sempre estar debidamente catalogado, conservado e protexido.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como avalía a Xunta a afectación da histórica vaga de lumes sobre o patrimonio galego?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/08/2025 10:58:22

Montserrat Valcárcel Armesto na data 20/08/2025 10:58:35



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/08/2025 10:59:10  
**Nº Rexistro: 31743**  
Data envío: 20/08/2025 10:59:10.179

**REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 10:59:10**

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez e Mercedes Queixas Zas**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a subrogación de Galivivienda.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo de 2024 a entón Conselleira, Ángeles Vázquez, asistiu e avalou a presentación no Palexco da promoción Alquiler50, de Galivivienda baixo a etiqueta de “alugueres sociais”. Na propia nota de prensa da Xunta, enviada naquela altura, incluso se especifica que o prezo das rendas non superaría os prezos máximos dun aluguer de vivenda protexida, obviando que en realidade cada cooperativista debería facer fronte a máis de 50.000€ en concepto de aportación social, a maiores desa renda.

O obxectivo da Xunta era claro, transmitir á opinión pública a idea de que a Xunta está promovendo vivenda accesible para rendas baixas, aínda que iso supoña xerar confusión e frustración nas persoas que precisan dunha vivenda a prezos accesibles. A constatación disto é que logo da nota de prensa da Xunta houbo máis de 6.000 solicitudes de persoas interesadas no proxecto que, no momento en que se presentaron as contas detalladas, quedaron en apenas 120 solicitantes.

Houbo, por tanto, unha espantada masiva cando se comezou a ver a realidade do que a Xunta trataba de vender como alugueres sociais para rendas baixas, cando esta se trata dunha modalidade que vai dirixida a persoas cunha capacidade de aforro e endebedamento superiores.

Asinado o día 20/08/2025 ás  
12:54  
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 20/08/2025 ás  
12:54  
Por Alexandra Fernández Gómez





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela, Galiza

Pero é que nin tan sequera esas contas, as que se lles trasladaron por parte da xestora aos cooperativistas nas reunións iniciais eran certas. Ao engano por parte da Xunta súmase unha xestión negligente por parte da xestora da cooperativa, onde a empresa Galivivienda modifica de forma escurantista as condicións económicas dun día para outro, chegando a solicitar rendas de 1.000€ mensuais.

A Xunta de Galiza ten unha responsabilidade total porque é propietaria do solo sobre o que se pretende construír estas vivendas e responsable da súa concesión, por tanto, é tamén responsable de garantir a finalidade dese solo.

Ademais, a Xunta é coñecedora das malas prácticas por parte da xestora que durante os últimos meses vén actuando de forma sistemática con escurantismo e enganoso aos cooperativistas: producíronse asembleas irregulares onde non se controla quen exerce o voto ou falta o notario; trasládanse propostas económicas que varían dun día para outro; incumpren os prazos pondo en risco as axudas e a viabilidade do proxecto e hai unha evidente falla de transparencia sobre as negociacións co ICO, entre outros.

Pero é que ademais a xestora propuxo como única vía para salvar o proxecto a creación dunha cooperativa paralela e a subrogación na mesma aos cooperativistas para evitar que o negro historial que arrastra esta xestora penalice a financiación da cooperativa. Así, en marzo víronse obrigados a pasar de Galivivienda Global S. Coop a Galivivienda Alquiler50 S. Coop, unha nova cooperativa que non tiña o dereito sobre o solo. Unha decisión que foi acompañada pola propia Xunta de Galiza a través do IGVS.

Nese momento trasladóuselle aos cooperativistas que ese cambio non suporía ningunha alteración nos seus dereitos e deberes. Mais agora atópanse cunha nova chantaxe por parte da xestora, xa que pretende reverter a subrogación da nova cooperativa sobre a anterior, novamente coa complicidade do IGVS, ao tempo que lles esixe aos cooperativistas que iso lles suporá a aceptación de novas condicións que foron impostas sen a súa consulta previa. É dicir, que se queren seguir participando do proxecto ao que se







GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

adheriron deben obrigatoriamente aceptar as condicións impostas pola xestora que afecta ao plan de viabilidade e ao capital social obrigatorio por parte dos socios.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer a Xunta de Galiza para garantir os dereitos da cooperativa de vivendas en Xuxán, Galivivienda Alquiler50 S. Coop?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 20/08/2025 12:54:14

Mercedes Queixas Zas na data 20/08/2025 12:54:20



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/08/2025 12:55:51  
**Nº Rexistro: 31804**  
Data envío: 20/08/2025 12:55:51.277

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:55:51

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31820  
Data envío: 20/08/2025 16:54:06.481

Asinado o día 20/08/2025 ás 16:50  
Por Julio Abalde Alon

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Se abrimos unha das páxinas de información do Conservatorio de Música de Tui, podemos ler: "Plan educativo deseñado para que os nenos e as nenas aprendan a tocar instrumentos de forma cooperativa, creativa e divertida". Lema que seguramente moitos compartimos.

E isto débese a que o concello de Tui, conta cun conservatorio profesional de música que depende do propio Concello.

E unha vez máis atopámonos cun Concello de Galicia, que está a asumir competencias impropias, dado que as ensinanzas artísticas, e como non, as musicais, son unha competencia da Xunta de Galicia.

Pero o que é máis, as ensinanzas que se imparten no Conservatorio de Música de Tui, están suxeitas ás mesmas obrigacións que as que se imparten nos conservatorios que dependen directamente da Xunta de Galicia, en concreto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Pero esta anomalía de dependencia impropia do conservatorio de Tui, por depender do Concello e non da Xunta de Galicia, supón un grave problema para o Concello de Tui.

Asinado o día 20/08/2025 ás 16:49  
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 20/08/2025 ás 16:49  
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106438

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-yQ8lpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31820**  
Data envío: 20/08/2025 16:54:06.481

O Concello ten que soportar un elevado custo para o seu mantemento e funcionamento, ademais presta un servizo educativo que vai máis aló do seu ámbito territorial, dado que a el acoden nenos e nenas de concellos limítrofes. E a todo iso hai que sumar as dificultades de xestión no día a día e moitas veces as dificultades de contratación de persoal.



Somos conscientes de que o conservatorio cumpre non só un labor educativo, senón que vai máis alá, e sen citar todas, sinalar a promoción artística coa organización de concertos e/o recitais que enriquecen a vida cultural. Pero un conservatorio tamén contribúe ao desenvolvemento, dinamización e cohesión social, así como ao fomento do talento local e da comarca.

Por todo iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Está disposta a Xunta de Galicia a asumir a xestión directa do Conservatorio de Música de Tui?

Parlamento de Galicia, 20 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106439

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 20/08/2025 16:49:50

Silvia Longueira Castro na data 20/08/2025 16:49:58

Julio Abalde Alonso na data 20/08/2025 16:50:11



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 16:54:07



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31820**  
Data envío: 20/08/2025 16:54:06.481

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31827**  
Data envío: 20/08/2025 18:12:25.719

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os incendios forestais son un dos principais problemas estruturais que sofre Galicia, cun impacto devastador sobre a seguridade das persoas, o territorio, a biodiversidade, a economía rural.

Como levamos anos advertindo asistimos a unha evolución preocupante: xa non falamos só de incendios de cuarta xeración, senón tamén de lumes de quinta e sexta xeración, caracterizados pola súa extrema intensidade, a capacidade de xerar fenómenos convectivos propios de tormentas de lume e pola dificultade para ser controlados cos medios de extinción tradicionais.

Ante este novo escenario, a prevención convértese na única ferramenta eficaz para minimizar os riscos e danos, reducindo a carga de combustible acumulado no monte, mellorando a accesibilidade para os equipos de extinción e creando infraestruturas estratéxicas que permitan frear a propagación do lume.

Non obstante, os feitos amosan unha realidade preocupante: a Xunta de Galicia non está a executar en prazo nin de maneira eficiente os orzamentos destinados á prevención. As convocatorias publícanse tarde, as resolucións acumulan meses de demora, e boa parte dos fondos consignados permanecen bloqueados, sen chegar a se materializaren en traballos efectivos sobre o territorio no tempo útil para reducir o risco de grandes incendios.

No exercicio 2025, existen millóns de euros comprometidos en orzamento que seguen pendentes de execución.

Asinado o día 20/08/2025 ás  
18:07  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106442

28071 Madrid







**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31827**  
Data envío: 20/08/2025 18:12:25.719

Esta situación non só constitúe unha grave irresponsabilidade política, senón que incrementa de maneira directa a vulnerabilidade do territorio fronte á vaga de incendios que cada verán arrasa Galicia.

Por todo isto, resulta imprescindible que se coñeza polo miúdo: que orzamento se destinou realmente á prevención de incendios forestais dende o ano 2009 ata a actualidade e 2025, canto se executou efectivamente, en que concellos e parroquias, e que actuacións concretas se realizaron. Só con transparencia e planificación se poderá avaliar a eficacia das políticas públicas nesta materia.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para garantir que a partires do ano 2026 a planificación preventiva se realice con antelación suficiente, de maneira que as actuacións estean executadas antes do inicio da campaña de alto risco?

Parlamento de Galicia, 20 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106443

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/08/2025 18:07:48



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31827**  
Data envío: 20/08/2025 18:12:25.719

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 18:12:26

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a mellora das condicións do servizo de xustiza gratuíta.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o mes de novembro de 2023, hai xa máis de 20 meses, as profesionais da avogacía e procuradoría que atenden o servizo de xustiza gratuíta en Galiza están en folga en reclamación da dignificación e mellora deste servizo público e das condicións nas que se presta. A medida implicou a suspensión de milleiros de vistas, xuízos e diferentes dilixencias xudiciais, malia o que a Xunta de Galiza, administración responsable da prestación do servizo e titular do mesmo, se segue sen recoñecer a folga, nin fixar os servizos esenciais, nin a pesares do tempo transcorrido o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes reuniuse coa representación da traballadoras mobilizadas.

O XIX Informe do Observatorio da Xustiza Gratuíta impulsado polo Consello Xeral da Avogacía Española e a Fundación Aranzadi-La Ley evidencia que Galiza, máis unha vez, é das Comunidades Autónomas con competencias transferidas en materia de administración de xustiza que menos invisten por habitante no servizo de xustiza gratuíta. Segundo o referido informe, a media do investimento en Xustiza Gratuíta por habitante de todas as CCAA do Estado é case un 40% o que se realiza en Galiza. A media de todas as Comunidades Autónomas é de 7,07 €/habitante fronte aos 5,20€ que inviste a Xunta de Galiza.

Asinado o día 21/08/2025 ás  
11:14  
Por Oscar Insua Lema

Asinado o día 21/08/2025 ás  
11:14  
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A escaseza do investimento realizado pola Xunta de Galiza en materia de XG atinxe non só ás compensacións que reciben as profesionais da avogacía e da procura que prestan o servizo, senón tamén aos custes da infraestrutura necesaria para o funcionamento operativo do servizo público, que están a cargo dos Colexios Profesionais da Avogacía e da Procuradoría sendo ás achegas que estas Corporacións Públicas reciben da Xunta de Galiza notablemente inferiores ás necesarias para cubrir os custes necesarios para a atención deste servizo público de prestación obrigatoria por parte da Xunta de Galiza.

O vindeiro 30 de setembro de 2025 finaliza a vixencia do denominado Acordo sobre a Compensación Económica pola Asistencia Letrada Gratuíta suscrito no 2021 pola Xunta de Galiza e o Consello da Avogacía Galega polo que é precisa e urxente a renovación do mesmo, debendo ampliarse tanto os conceptos contidos no Baremo, como as percepcións contidas no mesmo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto adoptar o Goberno Galego para mellorar as condicións do servizo de asistencia xurídica gratuíta e das profesionais que o prestan?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/08/2025 11:14:23

Óscar Insua Lema na data 21/08/2025 11:14:31



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/08/2025 11:15:38  
**Nº Rexistro: 31843**  
Data envío: 21/08/2025 11:15:38.202

**REGISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 11:15:38**

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## A Mesa do Parlamento

**Miguel Fidalgo Iglesias, Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Katherinie Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes dos Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno**.

O tren Celta, que conecta Vigo con Porto, constitúe unha infraestrutura ferroviaria estratéxica tanto para Galicia como para o norte de Portugal.

A súa relevancia é múltiple porque, entre outras cousas: favorece a mobilidade cotiá de traballadores e traballadoras transfronteirizos, reforza os lazos culturais e económicos entre dúas áreas metropolitanas veciñas.

Ademáis, representa unha alternativa sostible ao transporte por estrada, en liña cos obxectivos europeos de redución de emisións e por último, constitúe un eixo clave para o turismo, especialmente en épocas de alta demanda como o Camiño de Santiago.

A recente decisión de suprimir a viaxe directa Vigo–Porto, impondo un transbordo en Viana do Castelo debido á antigüidade do material rodante, está xerando graves prexuízos aos máis de 300 pasaxeiros e pasaxeiras que utilizan este servizo a diario. As consecuencias desta medida son evidentes: perda de competitividade, atrasos engadidos, complicacións para persoas maiores ou con mobilidade reducida, e un deterioro notable da imaxe internacional de Galicia como destino accesible e ben conectado.

Mentres tanto, a chegada dos novos trens, que permitirían recuperar a conexión directa e modernizar a liña, non está prevista até 2026, o que supón un agravio difícil de xustificar para a cidadanía galega e lusa.

Ante esta situación, o Parlamento de Galicia, como cámara de representación popular, considera prioritario instar ao Goberno central a que adopte as medidas necesarias para garantir un servizo ferroviario digno, directo e competitivo no tramo Vigo–Porto.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:





Que valoración fai o Goberno galego da eliminación da conexión directa entre Vigo e Porto a través do Tren Celta?

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



CSV: BOPGDSPG-yQ8lpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

- Miguel Fidalgo Iglesias na data 21/08/2025 12:32:09
- Gonzalo Trenor López na data 21/08/2025 12:32:26
- Roberto Rodríguez Martínez na data 21/08/2025 12:32:34
- Katherinie Varela Fernández na data 21/08/2025 12:32:43
- María Deza Martínez na data 21/08/2025 12:32:51
- Carmen Pomar Tojo na data 21/08/2025 12:33:01
- Cristina Campero Dorado na data 21/08/2025 12:33:11
- José Luis Ferro Iglesias na data 21/08/2025 12:33:26
- Rubén Lorenzo Gómez na data 21/08/2025 12:33:37
- Argimiro Marnotes Fernández na data 21/08/2025 12:33:50



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 12:36:59



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/08/2025 12:36:58  
**Nº Rexistro: 31882**  
Data envío: 21/08/2025 12:36:58,943

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asinado o día 21/08/2025 ás 12:56  
Por Ariadna Fernández

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Valcárcel Armesto, Sonia Vidal Lamas, Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Fernández e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa aos incendios forestais acontecidos en Galiza en agosto de 2025.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A catástrofe ambiental e económica sufrida no Macizo Central, Monterrei, Valdeorras, O Ribeiro e outras comarcas do país neste verán, coa queima de máis de 125.000 hectáreas segundo a información dada polo satélite Copernicus da Unión Europea o 18 de agosto de 2025 (cifra que chama a atención diante dos datos da Consellería de Medio Rural que informa de 62.000 has. afectadas), ten a súa causa inmediata nunha conxuntura de moi altas temperaturas, moi baixa humidade e ventos de difícil control, circunstancias que tamén están a suceder noutros territorios do oeste da península ibérica. Mais nin o cambio climático nin a semellanza do fenómeno deste agosto galego co sufrido simultaneamente noutros territorios poden xustificar os graves erros da Xunta nos eidos da extinción, da prevención e da comunicación.

Moitos incendios que calcinaron e que están arrasando aldeas, granxas, explotacións agrícolas, montañas enteiras, ecosistemas de vital importancia non tiveron axuda. En moitas das zonas máis afectadas, salvouse o que os veciños e veciñas foron capaces de defender cos seus medios.

Asinado o día 21/08/2025 ás 12:56  
Por Sonia Vidal Lamas

Asinado o día 21/08/2025 ás 12:56  
Por Montserrat Valcárcel Armesto



Neste agosto o dispositivo da Xunta colapsou. Fontes tan diversas como axentes forestais ou oficiais da UME, recoñeceron a falla de medios, tamén denunciada polos alcaldes das bisbarras afectadas e por moitas e moitos dos afectados directamente.

Os lumes colleron ao Goberno da Xunta aínda co dispositivo pouco preparado, exemplos disto son:

1) As 190 vacantes nas brigadas de extinción,

2) A falla de profesionalización de grande parte do persoal das brigadas e, en xeral, a súa precariedade laboral. Tamén cunha falta de axuste nas quendas de traballo e o persoal desprazado que non ten organizada tan sequera a pernocta na zona para poder descansar entre quendas. O persoal xa está esgotado e queda aínda unha longa época de risco de lumes.

3) O convenio da Xunta co Ministerio de Defensa (operación “centinela) para prevención non se activou até o 15 de agosto de 2025.

Ademais disto o mais grave é a falla de prevención, porque a recorrencia e virulencia dos lumes forestais amosan deficiencias de carácter estrutural que transcenden á xestión conxuntural.

A Xunta de Galiza non conseguiu atallar os problemas de fondo que fan que o territorio galego sexa especialmente vulnerábel. A estratexia actual, centrada na resposta e en medidas puntuais, non aborda as dinámicas territoriais e forestais que actúan como os principais agravantes.

O abandono do rural e a inacción son as causas fundamentais da gravidade dos incendios. Neste senso, a acumulación de biomasa forestal ven xerada polo





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

despoboamento humano e pola perda de gando extensivo, que actuaba como unha barreira natural para a propagación do lume.

Unha paisaxe que antes combinaba parcelas agrícolas e forestais, creando devasas naturais, converteuse nunha continuidade forestal uniforme, moito menos defendible fronte ao lume. A acumulación de combustible, que antes era xestionada de forma natural a través das actividades do sector primario, converteuse nunha ameaza que os medios de extinción non poden conter cando as condicións climáticas son adversas.

E, ademais a Xunta exerce un bloqueo informativo, recorrente na súa falla de transparencia financeira e informativa. Por unha banda, nos orzamentos da Consellería do Medio Rural non se atopa unha contabilidade polo miúdo do gasto da Xunta en prevención e extinción, e por outra tamén evitou aclarar o custo das intervencións da UME, contribuíndo á opacidade. Unha forma de actuar que evidencia unha falla de vontade política para unha análise obxectiva e imparcial deste gravísimo problema.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai asumir o Goberno galego a súa responsabilidade política e social pola actuación tanto na prevención como na extinción dos lumes forestais que acabaron descontrolándose e xerando unha catástrofe con aldeas, granxas, explotacións agrícolas, montañas enteiras e ecosistemas de vital importancia arrasados?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 21/08/2025 12:56:38

Sonia Vidal Lamas na data 21/08/2025 12:56:45

Ariadna Fernández González na data 21/08/2025 12:56:54

Secundino Fernández Fernández na data 21/08/2025 12:57:02

Luis Bará Torres na data 21/08/2025 12:57:09





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 12:58:28

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a incidencia da vaga de lumes nos espazos naturais e na biodiversidade.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vaga de lumes de dimensións xigantescas que leva semanas arrasando a maior parte das comarcas de Ourense e outras zonas do país constitúe sen lugar a dúbidas unha das maiores crises sociais, ambientais, económicas e humanas da historia recente do noso país.

Unha crise desta natureza require, unha vez que se estabilice a situación, unha análise das súas causas estruturais e conxunturais e unha avaliación en profundidade dos erros, das eivas e das carencias do sistemas de prevención e do sistema de resposta diante deste tipo de emerxencias.

É notoria a afección dos lumes a vidas, núcleos habitados, vivendas, instalacións, infraestruturas e servizos, así como o seu impacto nas actividades económicas, sobre todo do sector primario.

Tamén hai que valorar o impacto destes lumes devastadores en espazos naturais protexidos e en hábitats de extraordinario valor como é o caso da serra do Invernadoiro, Enciña da Lastra, Pena Trevinca, Teixedal de Casaio ou o Caurel, por citar os espazos afectados polos lumes de maior entidade. Mención específica merece tamén o efecto devastador do lume nun bosque de especial interese como o de Ridimoas, bosque autóctono de 400 hectáreas situado nos concellos de Beade, Leiro e Carballeda de Avia, proxecto exemplar polo que supón de implicación da sociedade na conservación da biodiversidade e na custodia do territorio.

Asinado o día 21/08/2025 ás  
13:26  
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 21/08/2025 ás  
13:26  
Por Luis Bará Torres





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Malia á gravidade desta afección, ao longo desta crise botouse en falta a intervención da Consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático, que non alertou nin informou da afección dos lumes en áreas de especial interese natural. A única actuación pública coñecida desta consellaría foi a prohibición da caza na provincia de Ourense a partir do luns 18 de agosto, 6 días despois de que fose declarado o nivel 6 pola gravidade dos incendios.

Resulta pois de interese coñecer cales foron as actuacións preventivas desenvolvidas pola Consellaría de Medio Ambiente ao longo dos últimos anos, cal foi a resposta inmediata diante desta grave crise ambiental, e cales son as previsións de actuación da consellaría no inmediato e no medio prazo. Dentro das actuacións inmediatas cómpre ter en conta entre outras as seguintes: avaliación dos danos no patrimonio natural e na biodiversidade, avaliación dos danos das infraestruturas e servizos públicos, avaliación nos danos en bens e actividades privadas, medidas urxentes de carácter preventivo para a restauración das zonas queimadas e evitar riscos de erosión e arrastre de materiais a cursos de auga, etc. Nas actuacións a medio prazo, cómpre desenvolver plans de prevención, dinamización e desenvolvemento das zonas afectadas polos lumes, en coordinación con outros departamentos da Xunta, coas entidades locais, co goberno central e co tecido asociativo local e de conservación da natureza.

Tamén resulta imprescindible que se desenvolvan medidas legislativas e normativas que contribúan a facer o territorio máis resiliente fronte ao cambio climático e os eventos extremos, cuestións que se deben artellar a través dunha lei galega de acción fronte ao cambio climático, mediante o desenvolvemento de instrumentos de ordenación do territorio previstos na lei e mediante a revisión da planificación estratéxica e operativa relacionada co clima e a enerxía.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

E cómpre tamén desterrar os discursos populistas e demagóxicos por parte de dirixentes políticos que establecen unha relación de causalidade entre a protección ambiental e a proliferación de incendios nas zonas protexidas.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

-Que valoración fai a Consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático sobre a incidencia dos devastadores lumes de agosto nos espazos naturais protexidos e na biodiversidade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 21/08/2025 13:26:23

Montserrat Valcárcel Armesto na data 21/08/2025 13:26:37





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 13:29:01

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31934**  
Data envío: 21/08/2025 17:38:27.839

Asinado o día 21/08/2025 ás 17:35  
Por Silvia Longueira (

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A cidade de Vigo desempeñou nos últimos anos un papel relevante como sede do exame MIR desde a súa recuperación como sede en 2021. Desde entón, a cidade olívica albergou ininterrompidamente o exame MIR ata a convocatoria de 2025, acollendo nesta última edición a 549 aspirantes galegos, o que representa case un 30 % do total en Galicia. A sede establecida no campus de Lagoas-Marcosende demostrou óptimas condicións de infraestruturas, organización e seguridade.

Recentemente, coñeceuse a decisión de excluír a Vigo como sede a partires da convocatoria de 2026, centralizando de novo a proba unicamente en Santiago de Compostela.

Esta decisión supón un retroceso en termos de descentralización, equidade territorial e de achegamento da administración á cidadanía. Ademais, a accesibilidade ás probas selectivas debe rexerse por criterios de equidade, eficiencia e cohesión territorial.

Vigo, a cidade máis poboada de Galicia e a urbe máis importante do noroeste peninsular, non pode renunciar a ser sede das probas MIR. De feito, a decisión tomada xerou un gran rexeitamento na cidade.

O 17 de xullo de 2025, o Ministerio de Sanidade e as CC.AA., aprobaron a orde ministerial que establece a oferta de prazas e regula a convocatoria de probas

Asinado o día 21/08/2025 ás 17:35  
Por Carlos López Font

Asinado o día 21/08/2025 ás 17:35  
Por Elena Espinosa Mangana

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

106464

28071 Madrid





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31934**  
Data envío: 21/08/2025 17:38:27.839



selectivas para o acceso en 2026 á Formación Sanitaria Especializada co visto e prace do conselleiro de Sanidade de Galicia que non defendeu manter a sede en Vigo.

Por todo iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Está disposta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e defender a Vigo como sede oficial para a celebración dos exames de MIR, garantindo así a descentralización, accesibilidade e equidade no acceso ás probas selectivas do Sistema Nacional de Saúde?

Parlamento de Galicia, 21 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

106465

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 21/08/2025 17:35:29

Carlos López Font na data 21/08/2025 17:35:40

Silvia Longueira Castro na data 21/08/2025 17:35:55

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 17:38:28

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







as plantas silvestres do xénero *Vitis* spp e eliminar os pés de *Ailanthus altissima*, *Alnus glutinosa* (amieiro) e *Clematis* sp.

De non facerse estes traballos, a administración poderá executalos de forma subsidiaria.

De acordo co anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte pregunta para resposta oral:

1. Cal vai ser o procedemento para que a administración execute subsidiariamente os traballos fitosanitarios obrigatorios consonte a normativa europea e Cal é o orzamento previsto nestes casos?

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2025.





Asinado dixitalmente por:

**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 22/08/2025 12:48:58**

**Juan Manuel Casares Gándara na data 22/08/2025 12:49:05**

**Enrique Barreiro Sánchez na data 22/08/2025 12:49:12**

**Ángel Rodríguez Conde na data 22/08/2025 12:49:27**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 22/08/2025 12:49:42**

**Cristina Campero Dorado na data 22/08/2025 12:49:54**

**José Mato Díaz na data 22/08/2025 12:50:11**

**Nicole Grueira Fernández na data 22/08/2025 12:50:26**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 22/08/2025 12:50:39**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/08/2025 12:51:23  
**Nº Rexistro: 32069**  
Data envío: 22/08/2025 12:51:23.221

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:51:23

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## A Mesa do Parlamento

**Miguel Ángel Viso Diéguez, Cristina Campero Dorado, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno**.

A dermatose nodular contaxiosa é unha enfermidade vírica que afecta ó gando vacún e a algúns animais silvestres, pero non ás persoas. É unha virose grave que ten diversas manifestacións (febre, esgotamento, etc.), pero o síntoma máis característico son os nódulos na pel, que poden aparecer por todo o corpo (fuciño, cabeza, pescozo, ubres, abdome, etc.). A transmisión da enfermidade prodúcese fundamentalmente a través de diversas especies de insectos.

A dermatose pode producir a morte do animal, pero a súa afección máis importante é a redución da produción, especialmente no vacún de leite. Galicia produce o 42% do leite de España, polo que as consecuencias da entrada desta patoloxía no noso territorio sería un desastre para o sector primario galego e o noso rural.

A DNC é de declaración obrigatoria consonte o RD 779/2023. Ata xuño de 2025, a súa presenza en Europa limitábase ó territorio grego. Sen embargo, dende o mes de xuño hai focos en Francia e Italia, polo que o risco de entrada desta enfermidade en España elevouse considerablemente. Nestes novos focos estanse aplicando as medidas que impón a normativa comunitaria, de xeito que se están a inmovilizar as explotacións afectadas e a facer os correspondentes baleirados sanitarios, entre outras actuacións. En España, ata agora, non se detectou nunca a DNC.

De acordo co anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte pregunta para resposta oral:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





1. Que controis se están realizando para detectar os posibles casos en Galicia, así como sobre as importacións de animais procedentes de países afectados?

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 22/08/2025 12:42:25

Cristina Campero Dorado na data 22/08/2025 12:42:35

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/08/2025 12:42:48

José Mato Díaz na data 22/08/2025 12:43:05

Enrique Barreiro Sánchez na data 22/08/2025 12:43:14

Juan Manuel Casares Gándara na data 22/08/2025 12:43:31

Nicole Grueira Fernández na data 22/08/2025 12:43:43

Ángel Rodríguez Conde na data 22/08/2025 12:43:54

Cecilia Vázquez Suárez na data 22/08/2025 12:44:09





Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:52:02



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/08/2025 12:52:01  
**Nº Rexistro: 32071**  
Data envío: 22/08/2025 12:52:01.962

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/08/2025 13:11:22  
**Nº Rexistro: 32081**  
Data envío: 22/08/2025 13:11:22.279

Asinado o día 22/08/2025 ás 12:46  
Por Julio Abalde Alon

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey, Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Abalde Alonso e Paloma Castro Rey**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os incendios forestais rexistrados nos primeiros días de agosto de 2025 no concello de Ponteceso afectaron de forma significativa ás parroquias de Cospindo (Balarés), Brantuas, A Graña, Cores, Nemeño (A Mezquita) e Corme Aldea, calcinando centos de hectáreas de monte, obrigando ao desaloxo de veciños e provocando graves danos ambientais.

Ademais do impacto directo nos ecosistemas terrestres, os lumes supoñen un risco importante para a calidade das augas fluviais e costeiras, afectando a pesca artesanal e o marisqueo, que constitúen unha fonte relevante de emprego e riqueza económica para a comarca da Costa da Morte.

A Xunta de Galicia debe actuar de forma urxente e coordinada, adoptando medidas de protección das augas, rehabilitación ambiental e apoio socioeconómico aos sectores afectados, mediante un plan específico que asegure a recuperación integral das parroquias e a sostibilidade das actividades económicas vinculadas ao mar.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Ten a Xunta previsto aprobar un plan integral de rehabilitación ambiental e mariña específico para Ponteceso?

Parlamento de Galicia, 22 de agosto de 2025

Asinado o día 22/08/2025 ás 12:46  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 22/08/2025 ás 12:46  
Por Patricia Iglesias Rey

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106476

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-yQ8lpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 22/08/2025 12:46:22

Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/08/2025 12:46:33

Julio Abalde Alonso na data 22/08/2025 12:46:41

Paloma Castro Rey na data 22/08/2025 12:46:50



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/08/2025 13:11:22  
**Nº Rexistro: 32081**  
Data envío: 22/08/2025 13:11:22.279

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 13:11:22

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/08/2025 13:30:48  
**Nº Rexistro: 32087**  
Data envío: 22/08/2025 13:30:48.015

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro e Carmen Rodríguez Dacosta**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Mentres Galicia ardía na peor epidemia de incendios rexistrada até o de agora, a cidadanía galega non puido recibir información veraz a través da televisión pública.

A TVG aliñouse como o brazo propagandístico do Partido Popular e negoulle as galegas e galegos o dereito a estar informados en tempo real da situación tan temerosa que asolagou aos montes, terras e pobos da nosa comunidade.

Mentres centos de persoas eran desaloxadas de praias e lugares próximos aos montes, a Televisión de Galicia dedicábase a retransmitir novas como as do día 15 de agosto na que a TVG “conectaba” en directo coa praia de Cabanas para saber “que dice a xente de fumar ou non”. Literalmente nese momento chovía cinza en boa parte do territorio de Galicia.

Conectaban sempre con poboacións costeiras para “evadir” a realidade que deixou, e segue a deixar nestes momentos, a miles de hectáreas dos montes galegos arrasadas polo lume. Decenas de fogares destruídos ou afectados pola queima, perigo e situacións de risco que provocaron a morte e danos nos profesionais e veciños que se botaron ao monte tratando de frear incendios voraces que aniquilaron ao país.

Desinformación que supuña, ademais, un perigo xa que non indicaba que zonas de Galicia estaban sendo aniquiladas, que rutas eran perigosas ou as

Asinado o día 22/08/2025 ás  
13:28  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 22/08/2025 ás  
13:28  
Por Silvia Longueira Castro

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

106479

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-yQ8lpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/08/2025 13:30:48  
**Nº Rexistro: 32087**  
Data envío: 22/08/2025 13:30:48.015

probabilidades de contaxio da situación do lume que se estendía coma un regueiro de pólvora polos montes.

Esa desinformación fíxose patente nas redaccións valeiras das delegacións da CRTVG, ou en programas de radio nos que se abordaba a información do lume a través de “chamadas telefónicas” pero nunca cunha planificación directa sobre o que estaba a acontecer no territorio.

Houbo programas cunha duración de 170 minutos nos que apenas se lles dedicaron 14 minutos aos incendios (*Quen anda aí?* do 13 de agosto). Ou o programa *Hora galega* do 14 de agosto, que ten unha duración de 70 minutos e apenas se lles dedicou 8 minutos aos incendios. E o programa *O Termómetro*, que ten unha duración de 120 minutos e no que se lle dedicou aos incendios 1 minuto e 15 segundos o día 15 de agosto.

A poboación non foi informada polos medios públicos galegos da situación dramática dos lumes en Galicia. Ao tempo que xornalistas e técnicos da TVG recibían ordes concretas de que era o que tiñan que gravar, o que tiñan que emitir e mesmo como debían afrontar “con normalidade” os sucesos que acontecían nos espazos devastados polo lume.

Esta situación é incualificable, tanto pola dimensión da traxedia como pola manipulación e a desinformación levada a cabo polos responsables dos informativos galegos e polo propio presidente da Xunta de Galicia.

Debido a esta dramática situación, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantos xornalistas e técnicos, debidamente equipados e preparados, foron desprazados aos distintos focos de incendios en Galicia?

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

106480

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/08/2025 13:30:48  
**Nº Rexistro: 32087**  
Data envío: 22/08/2025 13:30:48.015

Parlamento de Galicia, 22 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) **981.55.15.30**

28071 Madrid

106481

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 22/08/2025 13:28:23

Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/08/2025 13:28:31








Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 13:30:48

CSV: BOPGDSPG-yQ8jpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-yQ8lpsq69-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

